

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 28 de febreiro de 2014**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión Plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 28 de febreiro de 2014, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 1/14, do 31 de xaneiro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións da Presidencia, da nº 601 á nº 2.600, de 2014.

Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo

3.-Aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Federación de Empresarios do Barbanza para financiar o proxecto “Túnel do Viño”.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

4.-Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos de Rois, Padrón e Dodro para a constitución da comunidade intermunicipal de Terras de Iria para servizos consorciados.

5.-Aprobación da modificación do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Fundación para el fomento de la construcción naval y de las actividades marítimas (EXPONAV).

6.-Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para financiar o traballo de investigación denominado “Aplicación do ICS á actualización do sistema de indicadores de calidade dos servizos municipais e de vida en xeral nos concellos da provincia da Coruña e a análise dos complementos económicos dos índices de cobertura dos servizos municipais – fase 2014.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

7.-Modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

8.-Dar conta da información rendida ao Ministerio de Facenda en cumprimento do artigo 16 da Orde HAP/2015/2012 de 1 de outubro. Execución cuarto trimestre das entidades locais 2013.

9.-Modificación da Resolución de Presidencia nº 691 do 21/01/2014 que aproba a liquidación do orzamento da Deputación provincial do exercicio 2013.

10.-Dar conta da acta de inspección levada a cabo pola comisión conxunta intervención-recadación dos valores de xestión de cobro nas zonas de recadación nos meses de outubro, novembro e decembro de 2013.

[11.-Informe dos dereitos de difícil ou imposible recadación dos recursos propios, segundo o disposto no artigo 193 bis do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.](#)

[12.-Informe sobre o estado de execución orzamentaria ao 30.01.2014 e proxección ao 31.12.2014.](#)

Comisión de Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais

[13.-Aprobación do Plan de investimento de vías provinciais 2014, primeira fase.](#)

Actas

[14.-Proposición da Presidencia sobre a renuncia ao cargo de deputado provincial de D. Xosé Lois Piñeiro García.](#)

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS

[-Moción do BNG sobre un 8 de marzo pola derogación das leis contra as mulleres.](#)
[-Moción do BNG sobre a reforma local e provincial.](#)

[ROGOS E PREGUNTAS](#)

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 28 DE FEBREIRO DE 2014

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 28 de febreiro de 2014, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON DIEGO CALVO POUSO PP

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
DON ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
DON JESÚS MANUEL CAMPOS DÍAZ	PSOE
DON MANUEL COSTA CARNEIRO	PP
DON JOSÉ DAFONTE VARELA	PP
DON JACOBO FERNÁNDEZ GARCÍA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
DON MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
DON CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SÁNCHEZ	BNG
DONA MARÍA PADÍN FERNÁNDEZ	PP
DON ANTONIO PENSADO PLÁGARO	PP
DON XOSÉ LOIS PIÑEIRO GARCÍA	BNG
DON XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
DON MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP
DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON RAMÓN TOJO LENS	PP
DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE	PSOE

Actúa como secretario, don José Luis Almu Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 1/14, DO 31 DE XANEIRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 1/14, do 31 de xaneiro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, DA Nº 601 Á Nº 2.600, DE 2014.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia da nº 601 á nº 2.600, de 2014.

3.-APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA PARA FINANCIAR O PROXECTO “TÚNEL DO VIÑO”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA CIF V 15227861 para financiar o proxecto de “Túnel del Vino”.

2.- A achega provincial establecida neste convenio ascende a un total de 6.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 66,12%.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio contra a partida orzamentaria 0305/431B/481.

3.- Excepcionar para o presente convenio o principio de imputación temporal do gasto, establecido no artigo 176 do Texto refundido da lei das facendas locais, por ter o convenio efecto retroactivo, financiar gastos do ano 2013 e imputarse o gasto ao exercicio 2014, solucionando deste xeito a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 14 de febreiro de 2014.

4.- O texto íntegro do CONVENIO é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS BARBANZA PARA FINANCIAR O PROXECTO “TUNEL DO VIÑO”

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. José Ramón Romero García, en representación da entidade FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA

EXPOÑEN

1.-Que a Deputación Provincial da Coruña e FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA CIF V15227861 consideran de grande interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados co comercio e actividades empresariais, de maneira que poida contribuír non só á divulgación das actividades citadas, senón tamén a promover a relación de estudos encamiñados a promoción e fomento do comercio na provincia e atraer clientes e difelizar os existentes

2.- Que a Deputación da Coruña é receptiva a todo aquilo que signifique publicidade, promoción e información sobre a promoción das actividades comerciais.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a FEDERACIÓN DE EMPRESARIO DO BARBANZA CIF V15227861, para financiar o proxecto de “Túnel del Viño”

II.-ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA CIF V15227861 levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

ORZAMENTO	
CONCEPTO	IMPORTE
DOCENCIA (Seminario de formación de 2,5 h. (de 10.30 a 13.00) máis desprazamentos	500,00 €
MATERIAL DE DOCENCIA (30 entregables encadernados e con información.....300,00 € 21 botellas de viños e licores.....315,00 €	615,00 €
CAMAREIROS DOCENCIA 2 camareiros	100,00 €
PERSOAL “TÚNEL DO VIÑO” (DE 17 A 20 HORAS) Director.....485,00 € 2 camareiros.....200,00 €	685,00 €
MONTAXE TÚNEL Mesas (7 expositoras e 3 auxiliares), Cata-augardentes Mantellería negra, champaneiras, faldróns vermellos, cuspideiras, caixas para xeo, picos de pan e froitos secos, xeo, botellas de auga, lavavaixelas.	2.400,00 €

MATERIAL TÚNEL 110 marcas entre viños e licores	2.000,00 €
MATERIAL DE DIFUSIÓN 500 carteis.....500,00 € 2.000,00 dípticos.....700,00 €	1.200,00 €
TOTAL BASE IMP.	7.500,00 €
IVE	1.575,00 €
TOTAL	9.075,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 6.000,00 euros, o que representa unha porcentaxe do 66,12 %. No caso de que o gasto xustificado non acadese o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 66,12%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432A/481 do vixente orzamento

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle á entidadee FEDERACIÓN DE EMPRESARIO DO BARBANZA o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa

realización das actividades programadas. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegará con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA unha vez que se presenten na Deputación os seguintes documentos:

- Memoria de actuación, subscripta polo representante legal da FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados comprendidos entre o 01/01/2013 a 31/12/2013 no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

A FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

Non será posible expedir un pago anticipado se a FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, finalizado o prazo previsto, non se presentara a xustificación correspondente.

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas, polo menos, TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FEDERACIÓN DE EMPRESARIO DO BARBANZA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do ben ou equipamento dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na adquisición excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a

identificación da FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro do ano 2013 ate o 31 de decembro de 2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do ano 2014, condicionada á existencia de crédito para tal fin no exercicio 2014.

2. Para o caso de que FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 31 de xullo do 2014, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a FEDERACIÓN DE EMPRESARIO DO BARBANZA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das

institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por de data de

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O REPRESENTANTE DA
FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS
DO BARBANZA

DIEGO CALVO POUSO

JOSÉ RAMÓN ROMERO GARCÍA”

4.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE ROIS, PADRÓN E DODRO PARA A CONSTITUCIÓN DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL DE TERRAS DE IRIA PARA SERVIZOS CONSORCIADOS.

INTERVENCÍONS

Sr. Requeira Varela

Simplemente para explicar a nosa abstención como viñemos facendo en casos semellantes.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Tomar coñecemento da aprobación do convenio marco para o establecemento das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos de Rois, Padrón e Dodro para a constitución da Comunidade Intermunicipal de Terras de Iria de Servizos Públicos Consorciados, aprobadas polos respectivos concellos de Rois, Padrón e Dodro

2º.- Tomar coñecemento dos representantes designados por cada concello que son os seguintes:

ROIS: D. Ramón Tojo Lens, alcalde-presidente e a D. Manuel Dos Santos Rodríguez, primeiro tenente de alcalde

PADRON: D. Antonio Fernández Angueira, alcalde-presidente e a D. Ángel Rodríguez Conde, primeiro tenente de alcalde

DODRO: D. Valentín Alfonsín Somoza, alcalde-presidente e a Dona María Soledad Boga Grela, concelleira

4º.- Designar en representación da Deputación aos seguintes deputados provinciais:

D. Manuel Taboada Vigo

D. Carlos Enrique López Crespo

5º.- Formalizar o correspondente convenio

6º.- Facultar ao presidente da Deputación ou deputado/a en quen delegue para a súa sinatura.

Número /2014

CONVENIO COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE ROIS, PADRON E DODRO, PARA REGULAR A COMUNIDADE INTERMUNICIPAL TERRAS DE IRIA DE SERVIZOS PÚBLICOS CONSORCIADOS.

Na cidade da Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

D. Ramón Tojo Lens, alcalde-presidente do Concello de Rois

D. Antonio Fernández Angueira, alcalde-presidente do Concello de Padrón

D. Valentín Alfonsín Somoza, alcalde-presidente do Concello de Dodro

MANIFESTAN

O escenario socioeconómico que se presenta en Galicia, en España e na maioría dos países da nosa contorna a partir da primeira década do século XXI, fai por completo necesario intensificar os esforzos das administracións para adaptarse ao novo escenario. Os actuais escenarios orzamentarios, pero tamén os económicos, son por completo diferentes dos que existiron non soamente nos últimos anos, senón probablemente nas últimas décadas. A baixada dos ingresos derivados da redución da actividade económica, as esixencias do servizo da débeda pública, e a demanda de servizos públicos de calidade preséntannos ante escenarios descoñecidos. Máis ca nunca, desde as administracións públicas debe facerse un esforzo na dirección da eficiencia, da calidade e da sostibilidade dos servizos públicos.

No ámbito da administración local, o papel das deputacións provinciais revélase por completo necesario para axudarlles aos concellos –especialmente aos pequenos municipios- a adaptarse a estes novos escenarios, para manter os servizos públicos municipais e posibilitar que os ámbitos locais sexan atractivos para o

desenvolvemento económico e a creación de emprego. Este acompañamento institucional da deputación cos municipios faise desde unha profunda implicación e converxencia de competencias e intereses. Para unha deputación provincial ningún problema local lle é alleo.

É amplamente coñecido o feito de que a xestión conxunta dos servizos públicos comporta reducións efectivas nos custos (por economía de escala e distribución de custos fixos), pola mellora operativa dos propios servizos (reordenación en ámbito territorial superior), así como polo acceso a mellores condicións de execución ou contratación. Resulta claro que a cooperación intermunicipal é un dos factores estratéxicos máis potentes para avanzar na eficiencia, calidade e sostibilidade dos servizos públicos.

Existen diversos sistemas de cooperación intermunicipal, desde os máis formalizados como son os consorcios ou mancomunidades, ata algúns menos formalizados como acordos ou prestacións de servizos puntuais. Os modelos máis formalizados teñen a vantaxe da estabilidade territorial e temporal, mentres que posúen a desvantaxe de representar novas entidades locais co que significa no tocante a rixidez na xestión e posible demanda de novos recursos para o seu operativo. No outro extremo, os modelos menos formalizados non teñen estabilidade temporal nin por tanto proxección estratéxica, pero tampouco significan a creación de novas entidades locais nin esixen en calquera caso novos recursos humanos nin materiais.

MODELO DE COMUNIDADES INTERMUNICIPAIS DE SERVIZOS CONSORCIADOS Entre ambos os extremos, a Deputación Provincial da Coruña, propón como unha vía intermedia o desenvolvemento de comunidades intermunicipais de servizos públicos consorciados. Unha decisión que está acorde plenamente co Acordo da Comisión Nacional de Administración Local do 25 de xaneiro de 2012 no que se adoptan medidas extraordinarias e compromisos en materia de reordenación e racionalización do sector público local. Estas comunidades intermunicipais estarán constituídas por un número reducido de municipios (ata un máximo de cinco, de forma xeral) e poboación (ata un máximo de 25.000 habitantes, como cifra orientativa) que articulan un espazo estable de cooperación intermunicipal sobre a base dun convenio marco, do que se desprenden os convenios específicos para cada un dos servizos municipais consorciados que sexan acordados.

A Deputación participará activamente na vida desas comunidades intermunicipais mediante a súa participación nos convenios marco e específicos, cunha especial dedicación de medios humanos e técnicos para o asesoramento e eventual desenvolvemento ou mesmo xestión dos servizos que lle fosen requiridos pola comunidade intermunicipal.

A comunidade intermunicipal terá un nome como identificador territorial. A sede e cargos –en ningún caso retribuídos– serán rotatorios entre os municipios integrantes. Non terá personalidade xurídica, nin persoal, nin medios materiais propios nin adscritos. Trátase dun espazo virtual de cooperación intermunicipal estable e indefinido no tempo, fomentado e apoiado pola Deputación provincial.

ESQUEMA DE OPERATIVO PARA SERVICIOS CONSORCIADOS

Á hora de incorporar os servizos, e para cada un deles, a Deputación realizará un estudo xurídico, económico e técnico previo para definir e tratar baixo que modalidade e en que condicións económicas pode realizarse do modo máis eficiente e sostible o servizo de que se trate, incluíndo tanto os custos do servizo como as necesidades do seu financiamento, de maneira que se garantan os principios de eficiencia, calidade e sostibilidade económica servizo a servizo. Unha vez aprobado este modelo específico para cada servizo de cooperación polos municipios, pasará a implantarse no territorio dos concellos que integran a comunidade intermunicipal.

Sen ánimo excluínste, os servizos que poderían someterse a cooperación ou consorciarse dentro da comunidade intermunicipal serán: fomento de actividades económicas e emprego, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e culturais, actividades deportivas, abastecemento e depuración de augas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico-urbanísticos, servizos técnico-administrativos, asistencia sanitaria, ou asistencia social.

Nesta situación, os municipios limítrofes de Rois, Padrón e Dodro, conscientes da necesidade de profundar nos espazos de cooperación intermunicipal sen que iso signifique maiores gastos nin compromisos económicos, e na necesidade de garantir a eficiencia, calidade e sostibilidade dos servizos públicos,

ACORDAN

No ámbito das súas competencias, a sinatura do presente convenio marco para a prestación de servizos públicos consorciados, de acordo coas seguintes BASES:

Primeira. Definición.

1. Os concellos de Rois, Padrón e Dodro xuntamente coa Deputación Provincial da Coruña, de conformidade coas potestades conferidas ás corporacións locais na Lei 7/85 de bases de réxime local e na Lei 5/97 de administración local de Galicia, regulan mediante o presente convenio unha comunidade intermunicipal que permita a xestión de servizos públicos consorciados, cos fins de competencia municipal que se expresan na base terceira.
2. O presente convenio formúlase consonte co disposto nos artigos 109.1, e 114-117 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
3. A comunidade intermunicipal de servizos públicos consorciados é un espazo virtual de cooperación municipal para permitir a xestión compartida de servizos públicos. En ningún caso a comunidade intermunicipal terá a consideración de persoa xurídica propia e independente das entidades locais que a integran, non disporá de orzamento, nin de medios persoais ou materiais propios ou adscritos.

Segunda.- Natureza e interpretación.

1. O presente convenio de servizos públicos consorciados é, ao abeiro da relación xurídica convencional de natureza administrativa, un espazo virtual de cooperación intermunicipal estable e indefinido no tempo, que se establece entre os concellos

límites de Rois, Padrón e Dodro coa participación da Deputación Provincial da Coruña.

2. A natureza deste acordo, tal como está expresada no apartado anterior, en ningún caso supón a creación dunha persoa xurídica nova nin diferenciada das entidades asinantes ou das que se adhiran nun futuro.

3. A interpretación das dúbidas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio marco corresponderlle ao Consello de Dirección, logo dos informes emitidos polos funcionarios das corporacións locais que se designen en cada caso en razón da natureza do asunto e da competencia funcional.

Terceira.- Obxecto, fins, principios e coordinación.

1. As presentes bases teñen por obxecto establecer as condicións que permitan agrupar os medios persoais e materiais e recursos económicos das corporacións locais participantes a fin de exercer de forma conxunta e coordinada as competencias propias que lles corresponden en materia de prestación de servizos públicos.

2. Os servizos concretos que, unha vez realizado pola Deputación, de conformidade co procedemento regulado na base sétima, o correspondente estudo xurídico, económico e técnico con proposta de forma máis adecuada de xestión (memoria e programa de actuación), sexan aprobados polo Consello de Dirección que se regula na base oitava, a partir do momento no que sexan ratificados polas corporacións interesadas, segundo o procedemento disposto na base sétima, serán xestionados conxuntamente nas condicións que se establezan.

3. Os servizos xestionados conxuntamente rexeranse polos principios de austeridade, economía, calidade, eficacia, eficiencia e sustentabilidade, para a súa prestación empregaranse os medios humanos e materiais dos concellos e, no seu caso, da Deputación provincial.

4. Sendo un dos fins deste convenio marco a eficiencia na prestación dos servizos, procurarase a coordinación das actuacións dos concellos e da Deputación coa Administración xeral do Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia e outras entidades públicas dependentes destas, evitando en todo momento a duplicidade de actuacións no mesmo ámbito funcional.

Cuarta.- Ámbito territorial e funcional da prestación consorciada dos servizos.

1. A prestación consorciada de servizos a que se refire o presente convenio marco desenvolverá as súas actuacións no ámbito territorial dos termos municipais dos concellos de Rois, Padrón e Dodro.

2. A actuación poderá estenderse ás materias de competencia municipal como fomento de actividades económicas e emprego, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e culturais, actividades deportivas, abastecemento, rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos,

servizos técnico-urbanísticos, servizos técnico-administrativos, asistencia sanitaria e asistencia social.

3. Asemade, tamén poderá acordarse a realización de actividades conxuntas relativas á paisaxe e medio natural, a conservación, defensa e posta en valor do patrimonio cultural, normalización lingüística e outras que se consideren de interese público local.

Quinta. Lugar de reunións e arquivo da documentación administrativa.

1. As reunións e demais xestións que se han realizar polo Consello de Dirección terán lugar na sede da Corporación municipal que en cada momento teña a Presidencia.

2. Sen prexuízo do anterior, toda a documentación administrativa da xestión e acordos que se adopten será custodiada na Deputación provincial baixo a responsabilidade do Servizo competente para o efecto.

Sexta.- Duración.

1. Sendo de carácter permanente o fin deste convenio marco, a súa vixencia é indefinida. Xa que logo, as entidades asinantes comprométese a manter a súa participación e a súa vinculación a estas bases, con pleno cumprimento dos seus dereitos e obrigas, por un prazo mínimo de tres anos ou por calquera outro que resulte da memoria e programa de actuación de cada un dos servizos consorciados.

2. Transcorrido o prazo mínimo que resulte de aplicación en cada caso, o membro que desexe separarse, deberá manifestar a dita vontade, mediante o acordo adoptado para o efecto, cun prazo de antelación dun ano á data na que se pretenda facer efectiva esta. En tal caso, procederase a constituír a comisión liquidadora á que se fai referencia na base décimo novena.

Sétima.- Procedemento para a xestión consorciada de cada servizo.

1. Para a xestión consorciada de cada servizo público deberá tramitarse un expediente para redactar unha memoria e programa de actuación que deberá contar, entre outros, cos seguintes apartados:

- Antecedentes e estado de situación do servizo en cada un dos concellos: forma de xestión, contratos en vigor, medios persoais adscritos, ingresos e gastos presupostarios, medios materiais e instalacións técnicas cun informe sobre o seu estado de conservación e mantemento.
- Delimitación e alcance das prestacións que se han realizar concretadas nun proxecto de regulamento do servizo.
- Estudo económico-financiero, no que se fixen os custos unitarios das prestacións en cada un dos concellos e forma de financialas (taxas, prezos públicos, prezos privados, transferencias dos concellos e subvencións). No seu caso, este apartado incluírá un borrador de Ordenanza de taxas o prezos públicos. En todo caso, cada concello deberá garantir o financiamento da totalidade do custo que lle sexa atribuído.

- Estudo técnico-organizativo interno, coa descrición de tarefas que ha realizar o persoal e, no seu caso, funcionamento operativo das instalacións.
- Proposta sobre a forma de xestión do servizo (directa, indirecta, mixta, con prestacións accesorias externalizadas), mesmo coa posibilidade de delegar a xestión na Deputación Provincial da Coruña.
- Formas de seguimento e participación dos concellos na xestión conxunta.

2. Asemade, tamén será un requisito previo para a xestión consorciada de cada servizo, a aprobación da memoria e programa de actuación, así como do regulamento do servizo e, no seu caso, ordenanzas reguladoras de taxas ou de prezos públicos, que deberán tramitarse consonte co seguinte procedemento:

- Aprobación inicial da memoria e programa de actuación por cada un dos concellos, así como do regulamento e das ordenanzas fiscais ou reguladora de prezos públicos.
- Exposición ao público polo prazo de trinta días, para o efecto de que as persoas interesadas poidan presentar reclamacións ou suxestións.
- Aprobación definitiva por cada concello, coa forma de xestión do servizo que se determine, e aprobación definitiva do regulamento e, no seu caso, da ordenanza fiscal ou de prezos públicos, consonte ao disposto na Lei 7/85 e no Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

3. Finalmente, no caso de que se propoña a xestión do servizo pola Deputación, deberá adoptarse o acordo de delegación por cada un dos concellos e a posterior aceptación pola Corporación provincial, coa maioría esixida polo artigo 47.1 h) da Lei 7/85, de bases de réxime local. Neste suposto, á delegación da xestión do servizo ten que engadirse a relativa á xestión e recadación da taxa ou prezo público correspondente, de acordo coas bases aprobadas pola Deputación para esta finalidade.

Oitava.- Órgano de impulso, dirección e seguimento.

1. A xestión consorciada dos servizos estará impulsada e dirixida por un órgano colexiado que se denominará Consello de Dirección e que realizará as funcións de comisión de seguimento deste convenio marco e dos acordos que se adopten no seu desenvolvemento.

2. O devandito órgano estará formado por representantes de todas as entidades partícipes, de acordo coa seguinte distribución:

- a) Dous representantes de cada unha das corporacións partícipes, sendo un deles o alcalde ou concelleiro no que delegue, sendo os seguintes:

ROIS: D. Ramón Tojo Lens, alcalde-presidente e a D. Manuel Dos Santos Rodríguez, primeiro tenente de alcalde

PADRÓN: D. Antonio Fernández Angueira, alcalde-presidente e a D. Ángel Rodríguez Conde, primeiro tenente de alcalde

DODRO: D. Valentín Alfonsín Somoza, alcalde-presidente e a Dona María Soledad Boga Grela, concelleira

- b) Dous representantes da Deputación Provincial da Coruña, que son os seguintes:

D. Manuel Taboada Vigo

D. Carlos Enrique López Crespo

Sen prexuízo desta composición, o presidente poderá dispor que asistan ás sesións, con voz pero sen voto, os técnicos ou persoal especializado que conveña nalgún asunto determinado.

3. A Presidencia do órgano recaerá no titular da Alcaldía que corresponda, segundo un procedemento rotatorio de carácter anual, inicialmente partirase do concello de menor poboación dos partícipes.

4. O cargo de representante non será retribuído, sen prexuízo das axudas de custe e remuneracións por asistencia ás sesións que poida acordar a Corporación respectiva.

5. O órgano estará asistido por un funcionario pertencente ao Servizo competente para o efecto da Deputación Provincial da Coruña, coas funcións establecidas na base décimo cuarta.

Novena.- Atribucións do Consello de Dirección.

O Consello de Dirección, co carácter regulado na base anterior, terá as seguintes atribucións:

- a) Nomear a Presidencia que corresponda segundo o procedemento de rotación anual anteriormente previsto.
- b) O impulso político e a dirección da comunidade intermunicipal para a prestación de servizos públicos consorciados.
- c) Aprobar inicialmente e proporlles ás corporacións partícipes a modificación do presente convenio marco e a proposta inicial da memoria, programa de actuación e convenios específicos dos servizos consorciados, que serán definitivamente aprobados polas corporacións partícipes.
- d) Fixar as bases de execución e seguimento dos programas de actuación dos servizos consorciados, velando pola eficiencia dos servizos, a súa calidade e sustentabilidade.
- e) Supervisar a calidade e cumprimento de contratos de obras, xestión de servizos públicos, servizos, subministracións e de calquera outra índole que poidan realizarse na prestación dos servizos consorciados.
- f) Aprobar a incorporación ou separación de novas entidades e aprobar as bases que teñan que rexer esta incorporación ou separación.
- g) Acordar a resolución do presente convenio marco.

- h) Calquera outras relativas ao exercicio das súas funcións que non estean atribuídas a outros órganos.

Décima. Distribución de votos e adopción de acordos.

1. Os acordos do Consello de Dirección adoptaranse por maioría absoluta de votos dos membros presentes.
2. Na ponderación de votos, os concellos partícipes contarán co 90 por cento e a Deputación corresponderalle o dez por cento restante.
3. A atribución dos votos que lle correspondan a cada concello efectuarase no momento da constitución ou da incorporación dun novo membro, atendendo aos elementos de poboación, criterio polo que se distribuirá o 75% dos votos que lle correspondan á participación municipal e superficie, criterio polo que se distribuirá o 25 por cento restante.

Décimo primeira. Réxime de sesións.

1. O Consello de Dirección celebrará sesión ordinaria, como mínimo cada tres meses, e extraordinaria cando así o dispoña o presidente ou o solicite polo menos a terceira parte dos seus membros que, pola súa vez, representen a terceira parte dos votos.
2. En tal caso, recibida a solicitude, o presidente deberá convocar a sesión solicitada dentro dos 15 días hábiles seguintes ao de presentación da solicitude.
3. Para a válida constitución, a sesión deberá contar coa asistencia de, polo menos, un terzo do número dos seus membros e que entre os presentes se conte cun terzo do número total de votos.

Décimo segunda.- Atribucións do presidente.

Correspóndelle ao presidente exercer as seguintes atribucións

- a) Convocar, presidir e dirixir as sesións do Consello de Dirección e calquera outro órgano de carácter colexiado que puidera crearse ao abeiro do presente convenio marco.
- b) Representar ás entidades partícipes en relación coa xestión dos servizos consorciados.
- c) Velar polo cumprimento do convenio marco, dos programas de actuación e dos convenios específicos de servizos públicos consorciados, e dos acordos adoptados polo Consello de Dirección.

Décimo terceira.- Disposicións xerais.

1. Para o réxime de sesións e acordos, en todo o non previsto especificamente nas presentes bases, resultará de aplicación o disposto na lexislación de réxime local.

2. Subsidiariamente aplicarase a Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como o resto das disposicións legais do ordenamento administrativo.

Décimo cuarta. Funcións administrativas de apoio e asesoramento xurídico e económico.

As funcións de apoio administrativo, asesoramento xurídico e económico serán prestadas por persoal funcionario da Deputación provincial.

Décimo quinta. Recursos humanos e materiais.

1. Os cometidos e traballos dos servizos que se consorcien poderán ser realizados, de acordo coa memoria e programa de actuación de cada servizo específico, polo persoal das entidades e administracións integrantes da Comunidade intermunicipal ou mediante as fórmulas de cooperación que en cada caso se acorden, nos termos establecidos no ordenamento xurídico administrativo, mesmo mediante a delegación de funcións na Deputación Provincial da Coruña.

2. Para a xestión consorciada utilizaranse exclusivamente medios persoais e materiais dos que dispoñan as corporacións locais partícipes.

Décimo sexta.- A adhesión de novos membros a este convenio marco.

1. A adhesión dun novo concello partícipe deberá solicitarse mediante o acordo do Pleno respectivo, adoptado pola maioría absoluta legal dos seus membros, que deberá ser remitido ao Consello de Dirección.

2. Recibida a certificación do acordo, a incorporación do concello solicitante requirirá o voto favorable da maioría absoluta dos votos do Consello de Dirección.

3. O concello novamente incorporado, así como os que xa estaban integrados con anterioridade, disporán a partir da incorporación do número de votos consonte á distribución que se establece na base décima.

Décimo sétima.- A separación dalgún membro.

1. Recibido o acordo plenario no que se manifesta a vontade de separarse deste convenio ou dos acordos específicos que se adopten no seu marco, designarase unha Comisión liquidadora que, atendendo ao efecto xurídico e económico que se produza nos contratos, convenios e demais acordos, presentará unha proposta ao Consello de Dirección na que se fixen as condicións e efectos da separación unilateral.

2. Tamén procederá a separación, con carácter forzoso, de calquera dos partícipes, por incumprimento grave da lexislación vixente que afecte aos servizos públicos consorciados ou das normas estatutarias, cando así o estime o Consello de Dirección, previo expediente tramitado para o efecto e con requirimento á corporación interesada para que asuma o compromiso incumplido no prazo establecido para o efecto, coa

advertencia de que de non atendelo procederá a súa suspensión provisional como partícipe, como paso previo á súa separación definitiva.

Décimo oitava. Modificación e resolución.

1. A modificación das presentes bases requirirá o acordo inicial do Consello de Dirección e, posteriormente, a súa aprobación por cada unha das entidades partícipes, mediante acordo adoptado polo órgano competente.

2. Co mesmo procedemento, este convenio marco poderá resolverse polas seguintes causas:

a) Por imposibilidade de cumprimento dos fins establecidos.

b) Por disposición legal ou por aparecer circunstancias contrarias ao interese público.

c) Cando así o acorde o Consello de Dirección, pola maioría das tres cuartas partes dos seus membros.

3. O acordo de resolución determinará a forma na que se teña que proceder para o cesamento das actividades de xestión dos servizos consorciados, logo da constitución previa dunha comisión liquidadora que propondrá os efectos xurídicos e económicos para cada entidade.

Décimo novena.- Entrada en vigor e aplicación

1. Unha vez tomados os acordos correspondentes polos concellos interesados e a sinatura deste convenio marco, no prazo de quince días constituirase o Consello de Dirección regulado na base oitava.

2. O Consello de Dirección, unha vez constituído, designará os técnicos responsables da elaboración da memoria e plan de actuación dos servizos que pretendan consorciarse, para a súa tramitación, aprobación e aplicación consonte co disposto no presente convenio.

**DEPUTACION
PROVINCIAL DA
CORUÑA**

CONCELLO DE ROIS

**CONCELLO DE
PADRON**

**CONCELLO DE
DODRO**

DIEGO CALVO POUSO

RAMON TOJO LENS

ANTONIO
FERNANDEZ
ANGUEIRA

VALENTÍN
ALFONSIN
SOMOZA"

5.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN PARA O FOMENTO DA CONSTRUCCIÓN NAVAL E DAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.-APROBAR, a modificación das cláusulas VI e do apartado 1 das cláusulas VII E XIII do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN PARA O FOMENTO DA CONSTRUCCIÓN NAVAL E DAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) CIF G15944564 PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES PARA O ANO 2013 aprobado mediante acordo plenario do 22 de novembro de 2013 e formalizado en documento administrativo n.º 279/2013 do 27 de novembro de 2013, relativas á forma de pago, período de realización das actividades e período de vixencia deste respectivamente que quedarán redactadas definitivamente do seguinte modo:

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao FUNDACIÓN PARA O FOMENTO DA CONSTRUCCIÓN NAVAL E DAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), en dous pagos, unha vez que se presente a seguinte documentación en dúas xustificacions nas que deberá incorporarse a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da FUNDACIÓN PARA O FOMENTO DA CONSTRUCCIÓN NAVAL E DAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.*
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.*
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.*
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.*
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.*

- *Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.*
- *Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.*

FUNDACIÓN PARA O FOMENTO DA CONSTRUCCIÓN NAVAL E DAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá acreditar previamente, nas dúas xustificacións que ha presentar, que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.”

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA terán lugar **dende o 1 de xullo de 2013 ata 1 de xullo de 2014.**

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

“1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o día 1 de xullo do 2013**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do ano 2014, condicionada á existencia de crédito para tal fin no exercicio 2014.”

2.- As modificacións propostas, así como a prórroga do convenio, quedarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no presente exercicio.

3.- Facultar ao presidente da Deputación para a formalización en documento administrativo da modificación das cláusulas indicadas.

MODIFICACIÓN DO convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e A FUNDACIÓN PARA O FOMENTO DA CONSTRUCCIÓN NAVAL E DAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES EN 2013

A Coruña, dous mil catorce

REÚNENSE

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte, D. Manuel Garat Caramé, con DNI núm. 32.620.748-D, en representación da FUNDACIÓN PARA O FOMENTO DA CONSTRUCCIÓN NAVAL E DAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

EXPOÑEN

1º.- Mediante acordo plenario do 22.11.2013, aprobouse a formalización do citado convenio cunha achega provincial de 112.500 € (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 79,91 %) con cargo a partida 0305/333/481

2º.- O convenio formalizouse en documento administrativo número 279/2013 do **vinte e sete de novembro de dous mil trece.**

3º.- Ambas as dúas partes consideran oportuno modificar a forma de pago e as datas de realización das actividades.

En consecuencia, ambas as dúas partes, acordan modificar as cláusulas VI e o apartado 1 das cláusulas VII e XIII do convenio nº 279/2013, quedando redactadas do modo seguinte:

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á FUNDACIÓN PARA O FOMENTO DA CONSTRUCCIÓN NAVAL E DAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), **en dous pagos**, unha vez que se presente a seguinte documentación **en dúas xustificacions nas** que deberá incorporarse a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da FUNDACIÓN PARA O FOMENTO DA CONSTRUCCIÓN NAVAL E DAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

FUNDACIÓN PARA O FOMENTO DA CONSTRUCCIÓN NAVAL E DAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá acreditar previamente, nas dúas xustificacións que se han presentar, que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.”

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre o 1 de xullo de 2013 ata o 1 de xullo de 2014.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xullo 2013 , sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro do ano 2014**, condicionada á existencia de crédito para tal fin no exercicio 2014

Faise constar que a presente modificación do convenio foi aprobado por acordo plenario n.º de data

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O REPRESENTANTE DA FUNDACIÓN
EXPONAV

Diego Calvo Pouso

Manuel Garat Caramé,”

6.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR O TRABALLO DE INVESTIGACIÓN DENOMINADO “APLICACIÓN DO ICS Á ACTUALIZACIÓN DO SISTEMA DE INDICADORES DE CALIDADE DOS SERVIZOS MUNICIPAIS E DE VIDA EN XERAL NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA E A ANÁLISE DOS COMPLEMENTOS ECONÓMICOS DOS ÍNDICES DE COBERTURA DOS SERVIZOS MUNICIPAIS – FASE 2014.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“En execución das atribucións conferidas polo ordenamento xurídico e en particular o artigo 218 do Real decreto legislativo 2/2004 polo que se aproba o T.R.L.R.H.L:

1º.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención.

2º.- APROBAR o texto e a formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA G-15661887 para financiar os TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN DENOMINADOS “APLICACIÓN DO INDICE DE COBERTURA DE SERVIZOS Á ACTUALIZACIÓN DO SISTEMA DE INDICADORES DE CALIDADE DOS SERVIZOS MUNICIPAIS E DE VIDA EN XERAL NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA E A ANÁLISE DOS COMPLEMENTOS ECONÓMICOS DOS ÍNDICES DE COBERTURA DOS SERVIZOS MUNICIPAIS (FASE 2014)”, cun orzamento subvencionable de 150.000 euros e cunha achega de 120.000,00 € (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 80 %), con cargo á partida 0440/462A/45390”

Convenio de colaboración entre

a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela

para financiar o traballo de investigación denominado

“Aplicación do ICS á actualización do Sistema de Indicadores de Calidade dos Servizos Municipais e de Vida en Xeral nos Concellos da Provincia da Coruña e a análise dos complementos económicos dos índices de cobertura dos servizos municipais – Fase 2014”

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, en calidade de presidente da Deputación da Coruña

D. Juan J. Casares Long, en calidade de reitor da Universidade de Santiago de Compostela

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación que teñen e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a USC é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, interesada en colaborar cos sectores socioeconómicos para asegurar un dos fins da formación e a investigación, que é a innovación e a modernización do sistema produtivo.

SEGUNDO.- Que o Equipo de Investigacións Políticas da USC desenvolveu o denominado Índice de Cobertura de Servizos (en adiante ICS), do que ten rexistrado a propiedade intelectual, así como as metodoloxías de aplicación do devandito indicador.

TERCEIRO.- Que a Deputación da Coruña subvencionou a realización pola Fundación Galicia Innova e o citado Equipo de Investigacións Políticas da Universidade de Santiago dunha fase inicial do proxecto "*Sistema de indicadores de calidade dos servizos municipais e de vida en xeral nos concellos da provincia da Coruña*", tendo chegado á definición dun sistema de indicadores dotacionais (baseados no ICS) e á súa aplicación experimental a 80 concellos da provincia.

CUARTO.- Que, igualmente, en 2013 a Deputación da Coruña subvencionou a realización pola Universidade de Santiago da primeira fase dun novo proxecto destinado a crear un instrumento periódico que sirva para coñecer obxectivamente a situación dos servizos nos municipios da provincia, e que esta información teña carácter público para que poida ser utilizada pola administración e a cidadanía en xeral de xeito ilimitado.

QUINTO.- Que como continuación ao proxecto referido no apartado anterior, e en cumprimento da vontade de continuidade manifestada no apartado OITAVO do correspondente convenio de colaboración, a Universidade de Santiago propón o desenvolvemento, durante 2014, dunha segunda fase do devandito traballo consistente na actualización dos datos base do Barómetro de Xestión Municipal (BMX), así como na medición do impacto de inversión pública sobre a cobertura dos servizos á cidadanía.

SEXTO.- Que ante esta iniciativa da Universidade de Santiago, dado o interese público do proxecto e a vontade común en levar a cabo a investigación indicada no apartado anterior, a Deputación da Coruña acorda subvencionar a realización do devandito traballo nun 80% do seu custo, consonte co regulado na Lei 38/2003, do 17

de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A subvención concédese sen que a Deputación da Coruña vaia obter contraprestación directa ningunha por esta investigación.

O acordo de creación do crédito adoptouse mediante resolución plenaria ante a que se aprobou o Orzamento provincial para o exercicio 2014, resultando con cargo á aplicación 0440/462A/45390.

Para regular todos os aspectos relacionados coa execución do devandito traballo de investigación, así como as condicións baixo as que a Deputación da Coruña procederá ao aboamento da subvención concedida, ambas as dúas partes acordan subscribir o presente convenio baixo as seguintes

CLÁUSULAS

I.-OBJECTO E DESCRICIÓN DOS TRABALLOS QUE SE HAN REALIZAR

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Universidade de Santiago (con CIF nº Q1518001A) para o financiamento da realización do traballo de investigación destinado a actualizar o Barómetro de Xestión Municipal (BXM) e ao desenvolvemento dun indicador sobre o impacto de investimento público nos Índices de Cobertura de Servizos municipais.

Pola Universidade de Santiago levará a cabo o traballo a Equipa de Investigacións Políticas, dirixida pola profesora Dra. Nieves Lagares Díez.

O obxectivo do proxecto de investigación que se propón é triplo; a saber:

- (1) actualizar e completar as medicións anteriores, facendo especial fincapé nas debilidades de medición detectadas na edición anterior e converténdose estes concellos e áreas en obxectivos críticos do proxecto;
- (2) abordar a sistematización da medición dos servizos de tal xeito que sexa útil tanto aos políticos coma a poboación e
- (3) proceder á análise de efectos sobre o indicador, para coñecer cales son en concreto as razóns dos valores do indicador.

O ICS funciona cunha lóxica de avaliación comparativa, interpretando a posición de cada un dos concellos en relación ao resto dos concellos pertencentes ao seu mesmo rango poboacional. A razón pola cal se determina unha clasificación dos concellos en función de rangos poboacionais parece obvia, pois enténdese que non serán comparables os servizos ofrecidos en concellos de 2.000 habitantes e os daqueles con máis de 10.000 do mesmo xeito que os investimentos e os custos dos servizos tampouco serán iguais. Deste modo séguese a seguinte clasificación, segundo as cifras oficiais do Padrón municipal do INE para o ano 2012, publicadas no BOE o 29 de decembro de 2012 (Real Decreto 1697/2012, do 21 de decembro):

- Concellos de menos de 2.000 habitantes: 12
- Concellos de 2.001 a 5.000 habitantes: 29
- Concellos de 5.001 a 20.000 habitantes: 42
- Concellos de 20.001 a 50.000 habitantes: 8

. Concellos de máis de 50.000 habitantes: 3

As áreas temáticas de estudo son:

1. Actividade e emprego.
2. Xestión administrativa, transparencia e documentación.
3. Novas tecnoloxías e comunicación.
4. Participación cidadá.
5. Servizos sociais.
6. Sanidade.
7. Educación.
8. Cohesión social.
9. Urbanismo e vivenda.
10. Infraestruturas viarias.
11. Equipamentos culturais.
12. Equipamentos deportivos.
13. Transporte e mobilidade.
14. Limpeza e recollida de residuos.
15. Abastecemento e saneamento.
16. Seguridade Cidadá.

Con estas premisas os traballos nesta segunda fase (2014) dirixiranse a desenvolver e reorientar o indicador, para que incorpore información sobre o rendemento económico dos investimentos nos diferentes concellos, en termos do grao de incidencia dos devanditos investimentos sobre os parámetros obxectivos e sobre as variacións nas percepcións dos cidadáns.

Ademais, con esta segunda medición, comeza realmente a construción dun sistema (Barómetro) que permita acompañar os procesos de decisión política e crear un canon de transparencia nos servizos acorde cos novos modelos de democracia baseados na responsabilidade, a transparencia e a rendición de contas.

Iníciase así, cunha periodicidade anual, a posibilidade de medir e comparar os niveis de cobertura de servizos municipais nos 93 concellos da provincia, podendo coñecer tamén o grao de satisfacción que teñen os cidadáns respecto dos servizos que reciben.

Deste xeito, o propio deseño dos índices de rendemento supón dar un paso máis non só na calidade democrática senón tamén na xestión estratéxica dos recursos, dos investimentos e dos fondos que a entidade provincial pon a disposición dos concellos; conectando a información extraída dos índices de cobertura e, tamén, os niveis de satisfacción cidadá, co rendemento das actuacións da Deputación da Coruña.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A Universidade de Santiago levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

ORZAMENTO ANUALIDADE 2014	
PERSOAL	55.000
Dirección e coordinación do traballo , derivado das visitas, traballo de campo para a obtención dos datos e creación da base de datos propia. Coordinación da redacción do informe final e presentación dos resultados.	15.000
Equipo Técnico . Recollida de datos publicados. Redefinición/depuración de ítems para a realización da enquisa de satisfacción dos usuarios dos servizos municipais. Revisión dos datos xa analizados do informe anterior. Elaboración do informe final do Barómetro 1 e presentación dos resultados. Extracción de resultados para os 93 concellos da provincia a partir dos novos datos. Compilación e verificación dos indicadores e datos económicos e financeiros de interese.	40.000
COMPRA DE MATERIAL	7.000
Material informático (non inventariable)	4.000
Papelería e material funxible	3.000
COMUNICACIÓNS	3.700
Comunicacións	3.700
CONTRATACIÓNS EXTERNAS	58.500
Traballo de campo : recollida de datos non publicados	19.000
Enquisas en hábitats de menos de 5.000 habitantes	17.000
Enquisas en hábitats de máis de 5.000 habitantes	18.500
Construción de modelo informático de tratamento de datos	4.000
CUSTEOS INDIRECTOS USC	19.565
DESPRAZAMENTOS	6.235
Viaxes, peaxes, axudas de custo	6.235
TOTAL	150.000
SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN DA CORUÑA	120.000

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula I, cunha achega máxima de 120.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente a devandita porcentaxe da cantidade que efectivamente se xustifique.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0440/462A/45390, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo e contabilizouse a correspondente retención.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidade de Santiago obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Universidade de Santiago. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Universidade de Santiago, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o art. 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. A contratación con terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou *internet*, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga por parte da Universidade de Santiago.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada integramente á finalización dos traballos.
2. A Universidade de Santiago deberá acreditar, previamente ao cobro da achega provincial, que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula VIII.
3. Non será posible expedir un pago se a Universidade de Santiago ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, finalizado o prazo previsto, non se teña presentado a xustificación correspondente.
4. Para a recepción do pago, a Universidade de Santiago é titular da conta bancaria IBAN ES27.2080.0387.80.3110000209 con título "*Universidade de Santiago-Contratos e Convenios*".
5. A achega final da Deputación seralle aboada á Universidade de Santiago unha vez que se presente a seguinte documentación:
 - memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Universidade de Santiago, na que se xustifique o cumprimento das condicións impostas neste convenio con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos
 - certificación de relación clasificada dos gastos aprobados na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións habidas con respecto ao orzamento detallado na cláusula II.
 - certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente
 - acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula VIII
 - declaración doutras axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
 - certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación
 - proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula VI, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, deberán estar rematadas polo menos 3 MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio, tal como está establecido na cláusula XIII.
2. Unha vez rematadas as actividades, a Universidade de Santiago deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VIII no prazo máximo DE 1 MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, 2 MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XVI.
3. De conformidade co disposto no art. 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO para que a presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidade de Santiago da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 54.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidade de Santiago na documentación achegada. Se transcorresen máis de 4 meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Universidade de Santiago terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de 4 meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1. A Universidade de Santiago deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os certificados correspondentes.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta administración.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Universidade de Santiago destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidade de Santiago deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos art. 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos art. 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Santiago poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Así mesmo, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade de Santiago queda sometida aos procedementos de fiscalización que leve a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas; así como estará tamén sometida aos procedementos de calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención, co límite de 75,00 € se o atraso non excede de 3 meses.

Se o atraso na realización da actividade excede de 3 meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada, co límite de 150,00 €.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede de 1 mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada, co límite de 75,00 €. Se excede de 1 mes e non chega a 3, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400,00 €. Por último, se a extemporaneidade da xustificación excede de 3 meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no art. 20.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidade de Santiago serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de datos nacional de subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no art. 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no art. 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Universidade de Santiago será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina *web* <http://www.dicoruna.es>.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 30 de decembro de 2014.

2. Logo da solicitude da Universidade de Santiago, realizada polo menos 1 mes antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes que se tome antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos do Servizo de Apoio Técnico a Municipios (unidade xestora), do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación se media causa debidamente xustificada.

XIV.-NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecidas na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento de cantas cuestións litixiosas poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Consonte todo o anterior e en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no seu encabezamento.”

7.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo de analizar a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira.
- Texto proposto para a Ordenanza fiscal co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRHL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL XERAL: Modificación dos artigos 13, 14, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 33, 35, 36, 37, 38, 39, 46, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55 e 56. Suprímese a Sección Cuarta: Das fianzas dos recadadores (artigos 57, 58, 59, 60, 61 e 62). Renuméranse os artigos posteriores. Modificación dos artigos 64, 65 e 69 (e renuméranse cos números 58, 59 e 63 respectivamente). Así mesmo, no resto dos artigos, rectificar as denominacións “Servizo de Recadación” e “as Zonas Recadatorias” por “Servizo Central de Recadación” e “as Zonas de Recadación”. Nova redacción íntegra da Ordenanza Fiscal Xeral (Anexo 1).

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 do TRLRHL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º.- A ordenanza fiscal xeral comezará a rexer:

- a) Se non se producisen reclamacións contra esta, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación.
- b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción definitiva da Ordenanza, así como a data a partir da cal rexerá esta, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o establecido no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

4º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra da modificación da ordenanza fiscal xeral.

ORDENANZA FISCAL XERAL

TÍTULO I

NORMAS TRIBUTARIAS DE CARÁCTER XERAL

Artigo 1.- OBXECTO

1.- A presente Ordenanza Fiscal Xeral, ditada ao abeiro do artigo 106.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 12 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e igualmente en desenvolvemento do apartado e) do artigo 7 e da Disposición adicional cuarta da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ten por obxecto establecer os principios básicos e normas comúns aos seguintes tributos:

- a) Tributos propios da Deputación Provincial da Coruña (en diante a Deputación).
- b) Tributos cuxa xestión delegaron as entidades locais da provincia, entenderase aplicable a ordenanza exclusivamente a aquelas funcións de xestión que sexan efectivamente delegadas polas devanditas entidades. Para estes efectos a presente ordenanza, a través das normas comúns que contén, complementa as ordenanzas particulares respectivas.

2.- As normas contidas nesta ordenanza fiscal serán aplicables supletoriamente a outros ingresos de dereito público naqueles supostos concretos non establecidos

especificamente na súa normativa reguladora e en canto a natureza xurídica de cada tipo de ingreso faga posible a dita aplicación.

Artigo 2.- VINCULACIÓN CON ORDENANZAS PARTICULARES

As normas da presente Ordenanza Fiscal Xeral consideraranse parte integrante das respectivas ordenanzas particulares, en todo o que non estea especialmente regulado nestas.

Artigo 3.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.- Esta ordenanza obrigará en todo o territorio da provincia da Coruña.

2.- As normas contidas nesta ordenanza obrigarán desde a súa entrada en vigor ata a súa derogación ou modificación, de acordo coa súa disposición final.

Artigo 4.- NORMATIVA APLICABLE

1.- Os tributos propios da Deputación e aqueles cuxa xestión teña encomendada por delegación, rexeranse:

- a) Pola Constitución.
- b) Polos tratados ou convenios internacionais que conteñan cláusulas de natureza tributaria e, en particular, polos convenios para evitar a dobre imposición, nos termos establecidos no artigo 96 da Constitución.
- c) Polas normas que dite a Unión Europea e outros organismos internacionais ou supranacionais aos que se atribúa o exercicio de competencias en materia tributaria de conformidade co artigo 93 da Constitución.
- d) Pola Lei reguladora das bases del régimen local, polo Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, pola lexislación xeral tributaria e orzamentaria e polas demais leis que conteñan disposicións en materia tributaria.
- e) Polas disposicións regulamentarias ditadas en desenvolvemento das normas anteriores e, especificamente, pola presente Ordenanza Fiscal Xeral e polas restantes ordenanzas particulares da propia Deputación, ou dos concellos ou entidades locais no caso dos tributos cuxa xestión fose obxecto de delegación en favor desta. Todo iso de acordo co establecido nas normas citadas nos apartados anteriores.
- f) Polas instrucións e circulares que poida ditar a Presidencia da Deputación para a aplicación desta ordenanza xeral ou das ordenanzas particulares correspondentes.

2.- Terán carácter supletorio as disposicións xerais do dereito administrativo e os preceptos do dereito común.

TÍTULO II

DO DESENVOLVEMENTO E ADAPTACIÓN DE DETERMINADOS ASPECTOS RELATIVOS AOS TRIBUTOS E A SÚA APLICACIÓN

Artigo 5.- TRIBUTOS PROVINCIAIS

De conformidade co disposto nos artigos 131 e seguintes do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, os tributos provinciais son:

- 1.- Taxas
- 2.- Contribucións especiais
- 3.- Recargas esixibles sobre os impostos doutras entidades locais

Artigo 6.- TRIBUTOS MUNICIPAIS DELEGADOS

Poderán ser obxecto de delegación na Deputación os tributos e demais ingresos de dereito público que sinalen as bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas polo Pleno da Deputación, coas condicións e o alcance que nelas se recollen.

Artigo 7.- Concorrenza de varios obrigados tributarios.

A concorrenza de varios obrigados tributarios nun mesmo presuposto dunha obriga, determinará que queden solidariamente obrigados fronte á Administración tributaria provincial, ao cumprimento de todas as prestacións, salvo que por lei se dispoña expresamente outra cousa.

Cando a Deputación só coñeza a identidade dun titular, practicará e notificará as liquidacións tributarias a nome deste, o cal virá obrigado a satisfacelas se non solicita a súa división.

Para que proceda a división, será indispensable que o solicitante facilite os datos persoais e o domicilio correcto e completo dos obrigados ao pagamento, así como a proporción en que cada un deles participe no dominio ou dereito transmitido, mediante comunicación expresa para o efecto, á que deberán acompañarse os medios documentais xustificativos da procedencia da división.

En relación co imposto sobre bens inmoables rústicos, só se atenderán as solicitudes de división cando a cota a ingresar por parcela para cada un dos obrigados tributarios resulte superior a 6 €.

Salvo que a normativa reguladora de cada tributo estableza outra cousa, cando se trate de tributos periódicos xestionados mediante padrón ou matrícula, para que a solicitude de división produza efectos, deberá presentarse no prazo establecido para a presentación das preceptivas declaracións de alta ou modificación.

Se non se trata de supostos de alta no correspondente padrón ou matrícula, a petición de división producirá efectos a partir do seguinte período impositivo a aquel en que se presentou a solicitude.

Nos tributos de natureza instantánea, a solicitude de división, para que produza efectos fronte á Administración provincial, deberá presentarse antes da finalización do prazo para declarar a realización do feito impositivo ou, no seu caso, para presentar en prazo a correspondente autoliquidación.

Nos restantes casos, a solicitude de división deberá presentarse nos prazos de presentación da correspondente declaración tributaria.

Artigo 8.- DOMICILIO FISCAL

O domicilio fiscal será único para cada contribuínte, nas súas relacións con esta administración.

Os obrigados tributarios deberán comunicar o seu domicilio fiscal e o seu cambio á administración tributaria provincial, mediante declaración expresa para ese efecto, sen que o cambio de domicilio produza efecto fronte á administración, ata que se cumpra co devandito deber de comunicación. A administración poderá comprobar e rectificar o domicilio fiscal declarado polos obrigados tributarios.

Os obrigados tributarios non residentes en España, para canto se refire ás súas relacións coa administración tributaria provincial, estarán obrigados a designar un representante con domicilio en territorio español.

Artigo 9.- BENEFICIOS FISCAIS

1.- Salvo que por disposición legal expresa se sinalo o contrario, a concesión dos beneficios fiscais ten carácter rogado, polo cal o obrigado tributario terá que solicitala.

Nos casos en que o beneficio fiscal teña que concederse a instancia de parte, salvo que expresamente se sinalo o contrario na correspondente ordenanza fiscal, a solicitude deberá presentarse:

- a) Cando se trate de tributos periódicos xestionados mediante padrón ou matrícula, no prazo establecido na respectiva ordenanza para a presentación das preceptivas declaracións de alta ou modificación.
Se non se trata de supostos de alta no correspondente padrón ou matrícula o recoñecemento do dereito ao beneficio fiscal producirá efectos a partir do seguinte período a aquel en que se presentou a solicitude.
- b) Cando se trate de tributos nos que estea establecido o réxime de autoliquidación, no prazo de presentación da correspondente autoliquidación.
- c) Nos restantes casos, nos prazos de presentación da correspondente declaración tributaria ou ao tempo da presentación da solicitude do permiso ou autorización que determine o nacemento da obrigaón tributaria, segundo proceda.

2. - Con carácter xeral, a solicitude dos beneficios fiscais non terá carácter retroactivo, polo que comezará a ter efectos dende o momento en que por primeira vez teña lugar o devengo do tributo con posterioridade á data de solicitude do beneficio fiscal.

3.- A proba da concorrencia dos requisitos establecidos pola normativa de cada tributo para o goce dos beneficios fiscais corresponde ao obrigado tributario.

4.- A resolución de concesión ou denegación dos beneficios fiscais de carácter rogado notificarase no prazo de seis meses desde a data en que a solicitude teña entrada no rexistro da Deputación. Se non se notifica a resolución no devandito prazo, a solicitude formulada entenderase desestimada.

5.- Cando se trate de beneficios fiscais que han de outorgarse de oficio, aplicaranse no momento de practicar a liquidación, sempre que o servizo xestor dispoña da información acreditativa dos requisitos esixidos para o seu goce.

TÍTULO III

A APLICACIÓN DOS TRIBUTOS

CAPÍTULO I

Información e asistencia ao contribuínte

Artigo 10.- CONSULTAS TRIBUTARIAS ESCRITAS

1.- As consultas tributarias formularanse por escrito, dirixido ao Ilmo. Sr. Presidente da Deputación, polos suxeitos e nos prazos sinalados na Lei xeral tributaria, facéndose constar, en todo caso:

- a) Nome e apelidos ou razón social, número de identificación fiscal e domicilio do interesado. No caso de que se actúe por medio de representante, farase constar esta circunstancia e incluírase igualmente, a súa identificación completa.
- b) Antecedentes e circunstancias do caso, identificando, claramente, o obxecto da consulta.
- c) Os demais datos, elementos e documentos que poidan contribuír á formación do xuízo por parte da administración tributaria provincial.
- d) Lugar, data e sinatura do escrito.

2.- A tramitación das consultas tributarias corresponderalle á unidade que teña asumidas as funcións de información e asistencia ao obrigado tributario.

CAPÍTULO II

Competencias en materia de aplicación dos tributos

Artigo 11.- COMPETENCIAS DO PLENO

Son competencias do Pleno da Deputación en materia de aplicación dos tributos, as seguintes:

- 1.-Aprobar as bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos e demais entidades públicas da provincia.
- 2.-Aceptar as delegacións de competencias tributarias feitas por outras entidades públicas.

- 3.-Aprobación de convenios ou acordos, con outras entidades públicas, de delegación de competencias en materia de aplicación dos tributos.
- 4.-Aprobación de ordenanzas fiscais e as reguladoras doutros ingresos de dereito público.
- 5.-As demais que lle atribúan as leis, a presente ordenanza xeral e o resto das ordenanzas reguladoras.

Artigo 12.- COMPETENCIAS DO PRESIDENTE

Son competencias do presidente da Deputación en materia de aplicación dos tributos, as seguintes:

- 1.-Ditar instrucións e circulares de aplicación das ordenanzas aprobadas polo Pleno provincial.
- 2.-Contestar as consultas tributarias que se formulen á administración tributaria provincial.
- 3.-Aprobar os modelos de autoliquidacións dos tributos e demais ingresos de dereito público.
- 4.-Dispor a non liquidación ou, no seu caso, a anulación e baixa en contabilidade de todas aquelas liquidacións das que resulten débedas inferiores á contía que se fixe como insuficiente para a cobertura do custo que a súa exacción e recadación representen.

TÍTULO IV

A XESTIÓN TRIBUTARIA PROVINCIAL

CAPÍTULO I

Disposicións Xerais

Artigo 13.- COMPETENCIAS DO TESOUREIRO

Correspóndelle ao tesoureiro a dirección superior da Área de Tesourería e Xestión de Tributos, en todo o que se refire á aplicación de tributos.

Artigo 14.- COMPETENCIAS DO VICETESOUREIRO

1.- Correspóndelle ao vicetesooureiro a coordinación dos Servizos Tributarios da Deputación: Servizo de Xestión Tributaria, Servizo Central de Recadación, Unidade de Inspección de Tributos Locais, Unidade de Instrucción de Sancións Municipais e a Unidade Central de Atención ao Contribuínte, así como das Zonas de Recadación.

2.- O vicetesooureiro substituirá ao tesoureiro nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 15.- A XESTIÓN TRIBUTARIA

1.- A Deputación desenvolve a xestión dos tributos propios e demais ingresos de dereito público e daqueles tributos e, así mesmo, outros ingresos de dereito público,

cuxa xestión sexa delegada por parte das entidades locais da provincia naquelas competencias ou atribucións que no correspondente convenio ou acordo sexan obxecto de delegación.

2.- A xestión tributaria consiste no exercicio das funcións administrativas sinaladas no artigo 117 da Lei xeral tributaria.

Artigo 16.- COMPETENCIAS

1.- A xestión de tributos e demais ingresos de dereito público será dirixida, baixo a superior competencia do Pleno corporativo, polo presidente da Deputación, ao cal lle corresponde ditar os actos administrativos no exercicio das facultades de xestión contidas neste título, salvo naqueles casos que polas normas de carácter xeral ou ordenanzas reguladoras se lle atribúa a competencia a outro órgano.

2.- As actuacións derivadas do exercicio das funcións de xestión tributaria da Deputación levaraaas a cabo o Servizo de Xestión Tributaria, baixo a superior dirección do tesoureiro, salvo que se encomenden a unha unidade distinta.

3.- Son competencia do presidente da Deputación en materia de xestión tributaria, as seguintes materias:

- 1.- Dirixir, inspeccionar e impulsar o Servizo de Xestión Tributaria.
- 2.- Aprobar os padróns ou matriculas dos tributos e demais ingresos de cobranza periódica - contraído previo, ingreso por recibo -.
- 3.- Aprobar as liquidacións relativas a tributos e demais ingresos de dereito público de cobranza non periódica - contraído previo, ingreso directo -.
- 4.- Concesión de beneficios fiscais, previstos expresamente nas normas de xeral aplicación.
- 5.- Modificar a forma de exacción das liquidacións tributarias ou de prezos públicos, a condición de que a nova forma de exacción figure dentro das dispostas na ordenanza reguladora do tributo ou prezo público.
- 6.- Por proposta motivada da Tesourería, despois do informe da Intervención, dispor a non liquidación ou, no seu caso, a anulación e baixa en contabilidade de todas aquelas liquidacións das que resulten débedas inferiores á contía que fixe como insuficiente para a cobertura do custo que a súa exacción e recadación representan.
- 7.- Os demais que lle atribúan as leis, a presente ordenanza xeral e o resto das ordenanzas reguladoras.
- 8.- Todas as que, non recollidas neste artigo, se sinalen na Lei xeral tributaria e no Regulamento xeral de actuacións e procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns aos procedementos de aplicación dos tributos, nas súas normas de desenvolvemento e nas demais disposicións aplicables sobre a materia, como competencia do xefe de departamento de xestión tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou do órgano ao que se lle adscriban no futuro, e non estean atribuídas a outro órgano na presente Ordenanza Fiscal Xeral.

4.- Son competencias do tesoureiro da Deputación en materia de xestión tributaria, as seguintes:

- a) Dirixir a xestión dos tributos e ditar as instrucións que sexan necesarias para o desenvolvemento das normas xerais aprobadas polo presidente.
- b) Propor ao presidente a aprobación de normas xerais de organización e procedemento necesarias para o funcionamento do Servizo de Xestión Tributaria, logo do informe da Intervención provincial.

5.- O vicesoureira, en materia de xestión tributaria, exercerá as competencias que expresamente lle asigne ou delegue o tesoureira, ademais de substituír a este nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

CAPÍTULO II

Normas especiais de Xestión relativas a tributos municipais en que esta se delegue na Deputación

Artigo 17.- ALCANCE DA DELEGACIÓN NA XESTIÓN

1.- O alcance da delegación na xestión das entidades da provincia en favor da Deputación, respecto dos tributos e demais ingresos de dereito público establecidos no artigo 6 da presente ordenanza, virá delimitado polos correspondentes convenios ou acordos a través dos cales se formalice a dita delegación, sen prexuízo do disposto na presente ordenanza e nas instrucións e circulares que poida ditar en aplicación dela, o presidente da Deputación.

Artigo 18.- IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

1.- O padrón fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica formarao o Servizo de Xestión Tributaria da Deputación, con base no padrón do ano anterior, incorporando as altas, transferencias, cambios de domicilio, baixas e calquera outra alteración con transcendencia tributaria.

2.- Para os efectos de determinar as tarifas a que se refire o artigo 95 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, considerarase potencia fiscal do vehículo a resultante de aplicar as fórmulas recollidas no anexo V do Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de vehículos.

3.- Para obter a débeda tributaria que constará no padrón, sobre as tarifas citadas no punto anterior aplicarase o coeficiente de incremento aprobado na ordenanza fiscal do concello correspondente.

4.- As exencións a que se refiren as letras e) e g) do artigo 93.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais deberanas solicitar os interesados, indicando as características do vehículo, a causa do beneficio e acompañando os documentos acreditativos do seu dereito. O procedemento que se seguirá para a súa concesión será aprobado polo presidente da Deputación.

5.- O modelo oficial de autoliquidación que utilizarán os obrigados tributarios para formalizar a alta no imposto será o aprobado para o efecto por resolución da Presidencia.

6.- O concepto das diversas clases de vehículos e as regras para a aplicación das tarifas a que se refire o artigo 95 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, determinarase conforme ao establecido no Regulamento xeral de vehículos, nas normas tributarias e nas regras que a seguir se establecen:

1ª) As furgonetas, os furgóns e os vehículos mixtos adaptables tributarán como turismo, de acordo coa súa potencia fiscal, salvo nos seguintes casos:

a) Se o vehículo estivese habilitado para o transporte de máis de nove persoas, incluído o condutor, tributará como autobús.

b) Se o vehículo estivese autorizado para transportar máis de 525 quilogramos de carga útil tributará como camión.

2ª) Os motocarros terán a consideración, para os efectos deste imposto, de motocicletas e, por tanto, tributarán pola capacidade da súa cilindrada.

3ª) No caso dos vehículos articulados tributarán simultaneamente e por separado o que leve a potencia de arrastre e os remolques ou semirremolques arrastrados.

4ª) Os cuatriciclos tributarán como turismos, de acordo coa súa potencia fiscal, agás que a cilindrada do seu motor sexa inferior ou igual a 50 cm³ no caso de motores de explosión, ou que a súa potencia máxima neta sexa inferior ou igual a 4 kw para os demais tipos de motores, nese caso consideraranse, para os efectos deste imposto, como ciclomotores.

5ª) As máquinas autopropulsadas que poidan circular polas vías públicas sen ser transportadas ou arrastradas por outros vehículos de tracción mecánica, tributarán polas tarifas correspondentes aos tractores.

6ª) A carga útil dos vehículos tipificados como camión para os efectos da súa tributación no imposto virá determinada pola diferenza en quilogramos entre a masa máxima autorizada (M.M.A.) e a tara do vehículo, tomando estas magnitudes dos datos reflectidos na tarxeta de inspección técnica do vehículo.

7.- O efecto da concesión dos beneficios fiscais de carácter rogado, no suposto de vehículos xa matriculados, comeza a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non pode ter carácter retroactivo. Unha vez outorgado, o beneficio fiscal aplicarase nas sucesivas liquidacións en tanto non se alteren as circunstancias de feito ou de dereito que determinaron o seu outorgamento.

8.- A bonificación por antigüidade do vehículo, que no seu caso poida establecer o concello, considerarase en todo caso como beneficio fiscal de carácter rogado, salvo que expresamente se sinala o contrario na correspondente ordenanza fiscal.

9.- Rateo de cotas: cando a Deputación teña coñecemento, antes da aprobación do correspondente padrón, de que se produciu a baixa (definitiva ou temporal por roubo ou subtracción) dun vehículo, liquidarase a cota que corresponda segundo o rateo por trimestres que determine a normativa reguladora do imposto, incorporándose así ao padrón dese exercicio.

Cando a baixa se comunique á Deputación con posterioridade da aprobación do padrón e o recibo correspondente estea aínda en período voluntario de ingreso, o contribuínte poderá optar por aboar o recibo e solicitar a devolución do importe

ingresado en exceso ou ben solicitar a anulación do recibo e a emisión dunha liquidación polos trimestres que lle corresponda ingresar.

Cando a baixa se comunique unha vez que o recibo estea xa en período executivo, o contribuínte deberá aboar o importe da débeda e solicitar a devolución do importe ingresado en exceso; o dereito de devolución non incluirá, neste caso, a recarga que se percibiu legalmente.

Artigo 19.- IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

O imposto esixirase en réxime de declaración ou de autoliquidación, de acordo co que establezan os concellos delegantes nas súas respectivas ordenanzas fiscais, aínda que, para facilitarlles aos contribuíntes o cumprimento das súas obrigacións tributarias, poderase utilizar, con carácter potestativo, o sistema de autoliquidación aínda nos casos nos que o concello titular do tributo non o contemple na súa ordenanza fiscal.

Artigo 20.- IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Rateo de cotas: cando a Deputación teña coñecemento, antes da aprobación do correspondente padrón, de que se produciu a baixa dunha actividade, liquidarase a cota que corresponda segundo o rateo por trimestres que determine a normativa reguladora do imposto, incorporándose así ao padrón dese exercicio.

Cando a baixa se lle comunique á Deputación con posterioridade á aprobación do padrón e o recibo correspondente estea aínda en período voluntario de ingreso, o contribuínte poderá optar por aboar o recibo e solicitar a devolución do importe ingresado en exceso ou ben solicitar a anulación do recibo e a emisión dunha liquidación polos trimestres que lle corresponda ingresar.

Cando a baixa se comunique unha vez que o recibo estea xa en período executivo, o contribuínte deberá aboar o importe da débeda e solicitar a devolución do importe ingresado en exceso; o dereito de devolución non incluirá, neste caso, a recarga que se percibiu legalmente.

Artigo 21.- APROBACIÓN DE PADRÓNS

1.- Os padróns fiscais anuais do imposto sobre bens inmobles, imposto sobre actividades económicas e imposto sobre vehículos de tracción mecánica elaborados polo Servizo de Xestión Tributaria, serán aprobados polo presidente da Deputación.

2.- Os padróns aprobados poranse ao dispor dos concellos.

3.- Os padróns serán obxecto de fiscalización pola Intervención da Deputación. O procedemento de fiscalización que se seguirá axustarase ao establecido na normativa aplicable e nas Bases de Execución do Orzamento para cada exercicio.

Artigo 22.- LIQUIDACIÓNS DE INGRESO DIRECTO

A aprobación das liquidacións de ingreso directo compételle ao presidente da Deputación, a proposta do Servizo de Xestión Tributaria ou da Unidade de Inspección de Tributos Locais, coa fiscalización da Intervención, de acordo cos procedementos establecidos na normativa aplicable e nas Bases de Execución do Orzamento.

TÍTULO V

A INSPECCIÓN TRIBUTARIA PROVINCIAL

Artigo 23.- FUNCIONES E FACULTADES

1.- As funcións e facultades da Inspección Tributaria da Deputación, serán as dispostas na Lei xeral tributaria e nas súas disposicións de desenvolvemento.

2.- Tales funcións irán dirixidas á comprobación e investigación dos obrigados tributarios, polos ingresos públicos locais, co fin de verificar o adecuado cumprimento das súas obrigas tributarias, procedendo, no seu caso, á regularización correspondente mediante a práctica dunha ou varias liquidacións.

3.- A Inspección Tributaria poderá solicitar a colaboración de funcionarios técnicos ao servizo da Deputación, que comprobaran e informarán sobre aquelas materias propias do título que teñen.

4.- O exercicio das funcións propias da Inspección Tributaria adecuarase aos correspondentes plans de actuacións inspectoras, elaborados pola Unidade de Inspección de Tributos Locais e autorizados polo presidente da Corporación.

Artigo 24.- PERSOAL INSPECTOR

1.- As actuacións derivadas do exercicio das funcións de Inspección Tributaria da Deputación levaraaas a cabo a Unidade de Inspección de Tributos Locais, baixo a superior dirección do vicesoureiro, salvo que se encomenden a unha unidade distinta.

2.- No entanto, actuacións simplemente preparatorias ou de comprobación ou proba de feitos ou circunstancias con transcendencia tributaria, poderán encomendarse a outros empregados públicos que non teñan a condición de funcionarios.

3.- As actuacións inspectoras realizaranas os funcionarios da Unidade de Inspección de Tributos Locais da Deputación, respecto dos entes delegantes, en todo o ámbito territorial da provincia.

4.- Os funcionarios que desempeñen funcións de inspección serán considerados axentes da autoridade e deberán acreditar a súa condición, se son requiridos para iso, fóra das oficinas públicas, para o que disporán dun carné de identidade.

As autoridades públicas prestarán a protección e o auxilio necesario aos funcionarios para o exercicio das funcións de inspección.

5.- Debe entenderse que todas as referencias contidas, tanto na Lei xeral tributaria como nas súas disposicións de desenvolvemento, ao órgano competente para liquidar, tamén o son o inspector xefe da Unidade de Inspección de Tributos Locais da Deputación, e, en calquera caso, ao viceteseiro, excepto as atribuídas ao presidente no artigo seguinte.

Artigo 25.- COMPETENCIAS DO PRESIDENTE EN MATERIA DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA

Son competencias do presidente, en materia de Inspección tributaria, as seguintes:

- a) Aprobar os carnés de identidade do persoal inspector.
- b) A autorización dos plans da Inspección.
- c) A solicitude á autoridade xudicial para entrar no domicilio dos obrigados tributarios.
- d) A autorización, no seu caso, para a entrada nos lugares a que se refire o artigo 142.2 da Lei xeral tributaria.
- e) A ratificación das medidas cautelares adoptadas no procedemento inspector.
- f) A autorización para a sinatura de actas con acordo.
- g) Aprobar as resolucións derivadas das actuacións e do procedemento.

Artigo 26.- COMPETENCIAS DO TESOUREIRO

Correspóndelle ao teseiro a superior dirección da Área de Tesourería e Xestión de Tributos, en todo o referente á inspección dos tributos.

Artigo 27.- COMPETENCIAS DO VICETESOUREIRO

1.- Correspóndelle ao viceteseiro as seguintes competencias en materia de Inspección de tributos:

- a) A superior dirección da Inspección dos tributos, así como ditar as instrucións que sexan necesarias para o desenvolvemento das normas xerais aprobadas polo presidente.
- b) Propoñer ao presidente a aprobación das normas xerais de organización e procedemento necesarias para o funcionamento da Unidade de Inspección de Tributos Locais, previo informe da Intervención provincial.

2.- O viceteseiro substituirá ao teseiro nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

TÍTULO VI A RECADACIÓN

CAPÍTULO I

Disposicións Xerais

Artigo 28.- CONCEPTO

A xestión recadatoria da Deputación consiste no exercicio das funcións administrativas conducentes á cobranza das débedas tributarias e demais de dereito

público da propia Deputación ou doutros entes públicos da provincia, tras a delegación das competencias respectivas, e a sinatura do correspondente convenio, no seu caso.

Artigo 29.- OBXECTO

1.- A xestión recadatoria da Deputación terá por obxecto a cobranza dos seguintes recursos:

- a) Tributos e outros ingresos de dereito público dos que sexa titular a Deputación.
- b) Ingresos por recargas e xuros que procedan sobre os conceptos enumerados anteriormente.
- c) Tributos e outros ingresos de dereito público correspondentes a concellos e outros entes públicos que establezan un convenio ou deleguen a función de recadación destes na Deputación, logo da adopción do correspondente acordo e, se procede, a sinatura de convenio.

2.- A xestión recadatoria, e os medios para levala a cabo, non poderá aplicarse para a obtención daqueles froitos, rendas, produtos dos bens aos que lles sexan de aplicación as regras do dereito privado.

Artigo 30.- EXERCICIO DA XESTIÓN RECADATORIA

1.- A xestión recadatoria da Deputación levaraa a cabo o Servizo Central de Recadación.

2.- A Deputación poderá asumir a xestión recadatoria dos ingresos de dereito público doutras administracións públicas, logo da adopción do correspondente acordo e, se proceder, a sinatura do convenio.

3.- Igualmente, a Deputación, poderá adoptar un acordo para que a súa xestión recadatoria a realicen outras administracións públicas, subscribindo, se for preciso, o correspondente convenio.

4.- Os convenios ou acordos aos que se refiren os apartados 2 e 3, serán publicados no Boletín Oficial da Provincia, unha vez subscritos polas entidades públicas correspondentes.

Artigo 31.- COMPETENCIA TERRITORIAL

A competencia do Servizo Central de Recadación e dos seus órganos e unidades administrativas esténdese a todo o ámbito territorial de competencia da Deputación, con independencia da adscrición, para os exclusivos efectos de organización interna do Servizo, de cada municipio da provincia a unha Zona de Recadación.

CAPÍTULO II

Órganos de Recadación e as súas competencias

Artigo 32.- ÓRGANOS DE DIRECCIÓN

A xestión recadatoria estará dirixida, baixo a superior competencia do Pleno da Corporación, polo presidente da Deputación.

As competencias destes órganos serán as que se establecen neste capítulo.

Artigo 33.- ÓRGANOS DE RECADACIÓN E ENTIDADES COLABORADORAS

1.- Son órganos de recadación da Deputación:

- 1) O tesoureiro
- 2) O viceteseureiro
- 3) O xefe do Servizo Central de Recadación
- 4) Os recadadores de Zona
- 5) Os xefes de Zona

As súas competencias respectivas serán as fixadas na presente ordenanza.

2.- Son colaboradoras na recadación da Deputación, sen desempeñar en ningún caso o carácter de órganos de recadación, as entidades de depósito que estean debidamente autorizadas para exercer a dita colaboración.

Artigo 34.- COMPETENCIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN

Correspóndelle ao Pleno da Corporación, en materia de recadación, as seguintes competencias:

- a) Presentar tercerías de mellor dereito, cando nos rexistros públicos existan anotacións de embargo ou consten dereitos inscritos por terceiros, con anterioridade á anotación solicitada polo Servizo Central de Recadación sobre os mesmos bens.
- b) Adoptar acordos ou convenios en procedementos concursais.
- c) As demais competencias que na Lei xeral tributaria e no Regulamento xeral de recadación, nas súas normas de desenvolvemento e demais disposicións aplicables sobre a materia, se sinalen como de órganos estatais superiores en rango á Dirección do Departamento de Recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria e ao Director Xeral do Tesouro e Política Financeira do Ministerio de Economía e Facenda, ou órganos aos que se adscriban nun futuro as súas competencias.
- d) As que expresamente lle confiran as leis.

Artigo 35.- COMPETENCIAS DO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

Correspóndenlle ao presidente da Deputación as seguintes competencias:

- a) Restablecer o imperio da lei nos procedementos de prema, decretando a nulidade das actuacións posteriores ao momento en que se cometeu a infracción.
- b) Ditar actos ou resolucións de xestión recadatoria cando estes non estean atribuídos expresamente a outro órgano.
- c) Establecer e modificar os períodos de ingreso das débedas de acordo co que se determine respecto diso na lexislación vixente.
- d) Establecer contías mínimas para liquidar ou esixir os xuros legais ou de mora e as recargas do período executivo e para recadar débedas polo procedemento administrativo de prema.
- e) Ditar os actos administrativos de declaración de responsabilidade no pago de débedas.
- f) Presentar tercerías de mellor dereito, en situacións de urxencia, cando nos rexistros públicos existan anotacións de embargo ou consten dereitos inscritos por terceiros, con anterioridade á anotación solicitada polo Servizo Central de Recadación sobre os mesmos bens, dando conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.
- g) Aceptar ou acordar a constitución de hipoteca especial.
- h) Outorgar a autorización como entidades colaboradoras ás entidades de depósito.
- i) Resolver as solicitudes de fraccionamento e aprazamento, e eximir, excepcionalmente, a constitución de garantías.
- j) Declarar a prescrición de débedas.
- k) Acordar a compensación de débedas.
- l) Acordar a declaración de insolvencias e de créditos incobrables, así como a súa rehabilitación.
- m) Formular conflitos de xurisdición.
- n) Declarar a responsabilidade solidaria do depositario de bens embargados.
- o) Autorizar a venda de bens por concurso.
- p) Outorgar escrituras de venda de inmobles que resulten alleados como consecuencia do procedemento de prema, e resolver as tercerías en reclamacións en vía administrativa.
- q) Resolver as reclamacións de queixa contra defectos de tramitación dos órganos e axentes no exercicio da función recadatoria, tales como incumprimentos, atrasos e outras anomalías.
- r) Aprobar a adxudicación de bens á administración, cando cumpra.
- s) Acordar, por proposta do tesoureiro, que se encarguen da execución material das poxas empresas ou profesionais especializados.
- t) Aprobar as normas xerais de organización e funcionamento do Servizo Central de Recadación e a distribución territorial das Zonas de Recadación.
- u) Incoar, tramitar e resolver os expedientes de responsabilidade contable nos supostos expresados nos artigos 15.4 e 177 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria e levar a cabo cantas actuacións requiran a súa instrución.
- v) Incoar, tramitar e resolver os expedientes disciplinarios do persoal recadador.
- w) Por proposta motivada da Tesourería, despois do informe da Intervención, establecer límites nas débedas constrinxibles e límites mínimos por expediente para a realización de cada unha das actuacións de embargo.
- x) Todas as que, non estean recollidas neste apartado, sinaladas na Lei xeral tributaria e no Regulamento xeral de recadación, nas súas normas de desenvolvemento e nas demais disposicións aplicables sobre a materia,

ditadas polo director do Departamento de Recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria e polo director xeral do Tesouro e Política Financeira do Ministerio de Economía e Facenda ou polos órganos aos que se adscriban nun futuro as súas competencias.

Artigo 36.- COMPETENCIAS DO TESOUREIRO

Correspóndenlle ao tesoureiro a superior dirección da Área de Tesourería e Xestión de Tributos, en todo o referente á recadación de tributos.

Artigo 37.- COMPETENCIAS DO VICETESOUREIRO

1.- Correspóndenlle ao viceteseoureiro as seguintes competencias en materia de recadación de tributos:

- a) Dirixir a xestión recadatoria e ditar as instrucións que sexan necesarias en desenvolvemento das normas xerais aprobadas polo presidente.
- b) Propoñerlle ao presidente a aprobación de normas xerais de organización e procedemento necesarias para o funcionamento do Servizo Central de Recadación, logo do informe da Intervención provincial.
- c) Elaborar e autorizar os edictos anunciando os períodos de cobranza.
- d) Ditar o providencia de constrinximento e resolver os recursos e reclamacións que se presenten contra o devandito acto.
- e) Solicitar ao presidente a imposición de sancións por incumprimento das peticións de información para o embargo de bens.
- f) Ordenar o alleamento de títulos valores, públicos ou privados, e dos xéneros embargados.
- g) Nomear ao depositario dos bens embargados con funcións de administrador.
- h) Designar o lugar de depósito dos bens embargados.
- i) Autorizar o alleamento mediante poxa dos bens embargados.
- j) Presidir a mesa das poxas.
- k) Propoñerlle ao presidente que encargue a execución material das poxas a empresas privadas ou a profesionais especializados.
- l) Autorizar os pregos de cargo ás unidades administrativas encargadas da súa xestión.
- m) Ditar a providencia para a adxudicación directa dos bens ou dereitos embargados.
- n) Ordenar as visitas de inspección das Zonas de Recadación e sinalar as directrices de actuación nelas, a iniciativa propia ou a proposta da Intervención provincial.
- o) Informar dos expedientes motivados por denuncias, queixas ou reclamacións presentadas polos interesados contra o persoal do Servizo Central de Recadación, propoñendo a adopción das medidas sancionadoras ou correctoras que correspondan.
- p) Instruír as dilixencias preceptivas nos expedientes de alcance que se poidan producir na xestión das unidades administrativas de Recadación.
- q) Formular as propostas de resolución nos expedientes de xestión recadatoria que teñan que ser resoltos polo presidente.
- r) Acordar a execución de garantías cando sexa necesario para a súa realización ou alleamento.

- s) Regular e vixiar a actuación das entidades de depósito colaboradoras da recadación.
- t) Todas as que, non indicadas neste apartado, se sinalen no Regulamento xeral de recadación, nas súas normas de desenvolvemento e nas demais disposicións aplicables sobre a materia, como do xefe da Dependencia de Recadación ou do órgano ao que se lle adscriban nun futuro as súas competencias, e non se atribúan nesta ordenanza a outros órganos.

2.- O viceteseoureiro substituirá ao teseoureiro nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 38.- COMPETENCIAS DO XEFE DE SERVIZO

Correspóndenlle ao xefe de Servizo as seguintes competencias:

- a) Realizar as funcións que o teseoureiro ou viceteseoureiro lle encomenden.
- b) Establecer e manter relacións de funcionamento con órganos interesados, colaboradores, relacionados ou participantes na xestión recadatoria, especialmente os da propia Deputación.
- c) Desenvolver as relacións cos entes públicos que encomenden a xestión recadatoria na Deputación.
- d) Colaborar co teseoureiro e o viceteseoureiro na dirección do Servizo, e asesorar, impulsar, controlar e coordinar a xestión deste, especialmente das súas Zonas de Recadación.
- e) Comprobar que as débedas son ingresadas nos prazos regulamentariamente establecidos e esixir o cumprimento dos preceptos que regulan a dita xestión.
- f) Efectuar o control e seguimento das entidades colaboradoras e das contas restrinxidas de recadación abertas nelas.
- g) Dirixir, impulsar e coordinar aqueles procedementos que, pola especialidade do suxeito debedor ou pola clase de tramitación, lle encomende o teseoureiro para a súa xestión.
- h) Vixiar a correcta aplicación das normas sobre liquidación de xuros de mora por falta de pago das débedas en período voluntario.
- i) Velar polo cumprimento das normas en materia de rendición dos estados demostrativos da xestión recadatoria.
- j) Remitir á Intervención os resumos e documentos contables resultantes da xestión recadatoria, para a súa fiscalización e contabilización.
- k) Presentar o informe ou a memoria anual sobre o desenvolvemento da xestión recadatoria.
- l) Levar o rexistro xeral de insolvencias.
- m) Terá, ademais, as mesmas competencias que os recadadores e xefes de Zona respecto das débedas cuxa xestión recadatoria directa lle encomende o viceteseoureiro.

Artigo 39.- COMPETENCIAS DOS RECADADORES E XEFES DE ZONA

Os recadadores e xefes de zona exercerán as seguintes competencias, referidas á Zona de Recadación e aos expedientes que teñen asignados:

- a) Ditar as medidas cautelares precisas para evitar actuacións do debedor que impidan o pago.

- b) Expedir os mandamentos de anotación preventiva de embargo de bens nos rexistros públicos.
- c) Solicitar e recibir información de xulgados e tribunais sobre procedementos que poidan afectar a dereitos da Facenda Pública local.
- d) Como responsables da conta restrinxida ao seu cargo, admitir e controlar os ingresos que se produzan.
- e) Acordar a acumulación e separación de débedas nos expedientes executivos.
- f) Propoñer a execución de garantías e proceder ao embargo preventivo, se aquelas foran insuficientes.
- g) Solicitar información sobre os bens que se van embargar.
- h) Practicar a dilixencia de embargo.
- i) Proceder ao precintado e aquelas outras medidas necesarias para evitar a substitución ou levantamento de bens embargados.
- j) A valoración dos bens embargados, solicitando a colaboración necesaria, se fose preciso, dos servizos técnicos da Deputación, así como solicitarlle ao xefe do Servizo a realización de peritacións por expertos externos, cando as circunstancias o aconsellen.
- k) Requirir os títulos de propiedade aos rexistros públicos.
- l) Elevar á Tesourería a proposta de alleamento de bens embargados.
- m) Levantar o embargo de bens non alleados, unha vez cuberta a débeda.
- n) Anotar no Rexistro Mercantil, a declaración de créditos incobrables correspondentes a persoas físicas ou xurídicas inscritas neste.
- o) Expedir certificacións acreditativas de pago.
- p) Todas as que, non indicadas neste apartado, se sinalan na Lei xeral tributaria e no Regulamento xeral de recadación, nas súas normas de desenvolvemento e demais disposicións aplicables sobre a materia, como dos servizos e demais unidades de Recadación e das Administracións da Axencia Estatal de Administración Tributaria, ou órganos aos que se adscriban nun futuro as súas competencias, excepto as que se atribúen nesta ordenanza a outros órganos.

CAPÍTULO III

Especificacións sobre o pago

Artigo 40.- PERÍODOS DE RECADACIÓN

1. A xestión recadatoria realizarase en dous períodos: voluntario e executivo.
2. En período voluntario, polo pago ou cumprimento do obrigado tributario nos prazos sinalados no artigo 41 desta ordenanza.
3. En período executivo, polo pago ou cumprimento espontáneo do obrigado tributario ou, na súa falta, polo procedemento administrativo de prema.

Artigo 41.- PRAZOS DE PAGO

- 1.- O pago das débedas tributarias deberá efectuarse nos prazos establecidos no artigo 62 da Lei xeral tributaria.

Para as débedas que se recaden mediante padrón ou matrícula, os períodos voluntarios de cobranza serán os que con carácter xeral estableza a Presidencia da Deputación por proposta da Tesourería.

3.- As débedas non tributarias deberán pagarse nos prazos que determinen as súas normas específicas. Na súa falta, aplicarase o disposto nos apartados anteriores.

4.- As suspensións automáticas ou acordadas polo órgano administrativo ou xudicial competente en relación con débedas en período voluntario, suspenderán os prazos fixados neste artigo.

A resolución administrativa adoptada notificarase ao recorrente con expresión do prazo no que debe satisfacer a débeda.

Non obstante o indicado nos parágrafos anteriores, cando a execución do acto estivese suspendida, unha vez concluída a vía administrativa os órganos de recadación non iniciarán ou, no seu caso, non proseguirán as actuacións do procedemento de prema mentres non conclúa o prazo para interpor o recurso contencioso-administrativo, sempre que a vixencia e eficacia da caución inicialmente producida se manteña ata entón. Se durante ese prazo o interesado lle comunicase ao devandito órgano a interposición do recurso, con petición de suspensión e ofrecemento de caución para garantir o pago da débeda, manterase a paralización do procedemento en tanto conserve a súa vixencia e eficacia a garantía producida en vía administrativa. O procedemento proseguirá ou se suspenderá a resultados da decisión que adopte o órgano xudicial na peza de suspensión.

5.- Na regulación específica de cada prezo público poderase establecer a necesidade de constituír depósito previo do importe, de acordo co que establece o artigo 46.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

6.- Con independencia do sinalado nos parágrafos anteriores, os documentos de ingreso poderán incluír unha ou varias datas de caducidade destes, segundo conteñan un ou dous importes a ingresar diferentes. Ata a devandita data ou datas, as entidades colaboradoras aceptarán o ingreso que se realice polo importe que se indique para cada suposto no propio documento.

A citada data de caducidade será absoluta, de maneira que se coincidise cun día inhábil, non se trasladará ao día hábil inmediato posterior.

O ingreso realizado dentro do correspondente prazo de caducidade terá efectos liberatorios plenos respecto da débeda ou débedas incluídas no documento, aínda que teña lugar despois do prazo de ingreso que legal ou regulamentariamente corresponda con carácter xeral.

As datas de caducidade dos documentos de ingreso non producirán efectos en relación cos prazos de interposición de recursos e reclamacións, de solicitude de aprazamento ou fraccionamento de pago, de compensación ou calquera outros distintos dos de ingreso.

Artigo 42.- FORMAS E MEDIOS DE PAGO

1.- O pago das débedas, tributarias ou non tributarias, terá que facerse en efectivo.

2.- Só poderá admitirse o pago en especie cando así se ordene por lei.

3.- O pago en efectivo poderá facerse por algún dos seguintes medios:

a) Diñeiro de curso legal

b) Cheque

c) Calquera outro que autorice o presidente da Deputación

Artigo 43.- CHEQUE

O pago mediante cheque rexerese polo disposto no artigo 35 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación.

Artigo 44. - XUSTIFICANTES DE PAGO

Os xustificantes de pago en efectivo serán, segundo os casos:

- a) Os recibos validados pola Tesourería ou as entidades colaboradoras.
- b) As cartas de pago subscritas ou validadas por funcionario competente ou por entidades autorizadas para recibir o pago.
- c) As certificacións acreditativas do ingreso efectuado, expedidas pola Tesourería ou o Servizo Central de Recadación.
- d) Calquera outro documento ao que se outorgue expresamente o carácter de xustificante de pago, autorizado por resolución da Presidencia.

A validación dos xustificantes de pago poderá realizarse por medio de máquinas que produzan a certificación mecánica no documento.

Artigo 45.- LUGARES DE PAGO

1.- O pago das débedas poderá realizarse:

- a) Na Tesourería.
- b) Nas entidades colaboradoras, ben nas súas oficinas, a través de caixeiro automático ou por internet.

2.- O presidente da Deputación, a proposta da Tesourería, regulará os tipos de débedas que se poderán cobrar en cada un destes lugares.

3.- A cobranza de débedas por parte das entidades colaboradoras rexerese polas normas xerais que aprobe a Presidencia da Deputación e as instrucións concretas que dite a Tesourería.

CAPÍTULO IV

Aprazamentos e fraccionamentos de pago

Artigo 46.- APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS DE PAGO

A Deputación poderá, a solicitude do obrigado tributario, aprazar ou fraccionar o pago das débedas, con suxeición ao disposto nas normas legais e regulamentarias vixentes na materia e, en concreto, conforme as seguintes disposicións:

1.- A solicitude realizarase por escrito e irá dirixida ao presidente da Deputación.

2.- Será obrigatoria a domiciliación bancaria dos correspondentes prazos, e deberase facer constar o IBAN no propio escrito de solicitude.

3.- Con carácter xeral, o solicitante deberá achegar garantía nos termos establecidos na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e no Regulamento xeral de recadación.

4.- Non obstante o anterior, non se esixirán garantías para as solicitudes de aprazamento e fraccionamento de pago das débedas tributarias e demais ingresos de dereito público recadadas por esta Deputación, cando o seu importe en conxunto non exceda de 18.000,00 euros e estean tanto en período voluntario como en período executivo de pago, sen prexuízo do mantemento, neste último caso, das trabas existentes sobre bens e dereitos do debedor no momento de presentación da solicitude.

Para os efectos de determinación da contía sinalada, acumularanse no momento da solicitude, tanto as débedas a que se refire a propia solicitude como calquera outras do mesmo debedor para as que se solicitou e non resolveu o aprazamento ou fraccionamento, así como o importe dos vencementos pendentes de ingreso das débedas aprazadas ou fraccionadas, salvo que estean debidamente garantidas.

5.- As liquidacións tributarias que sexan obxecto de redución requirirán necesariamente garantía de aval ou seguro de crédito e caución para o seu aprazamento ou fraccionamento en período voluntario.

6.- As sancións de tráfico non serán aprazables nin fraccionables durante o prazo de pago voluntario con redución de importe.

7.- Criterios xerais de concesión:

- Serán aprazables ou fraccionables aquelas débedas de importe superior a 100,00 euros.
- A concesión do aprazamento ou fraccionamento outorgarase de forma automática para débedas de contía inferior a 18.000,00 euros, substituíndose a presentación de documentos xustificativos pola simple declaración responsable da existencia de dificultades económico-financeiras que impidan de forma transitoria efectuar o pago no prazo establecido.
- Como regra xeral, o prazo máximo de duración do aprazamento ou fraccionamento será de ata doce meses. No entanto, para débedas superiores a 3.000,00€, este prazo poderá ampliarse ata os vinte e catro meses.
- O número mínimo de fraccións será de dúas e o máximo de doce ou, no seu caso vinte e catro.
- O cargo en conta farase mensualmente, o día cinco de cada mes ou inmediato hábil posterior, polo importe da fracción correspondente.

CAPÍTULO V

Recadación pola Deputación de ingresos de outros Entes

Artigo 47.- APLICACIÓN DA ORDENANZA

A presente ordenanza será aplicable aos ingresos de dereito público que, por delegación dos concellos ou calquera outros entes públicos, recade a Deputación,

naqueles aspectos non regulados expresamente nos acordos de delegación e aceptación desta.

Artigo 48.- ALCANCE E EXTENSIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

A prestación de servizos de recadación aos concellos que deleguen a dita competencia levarase a cabo dentro do marco establecido polas bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia aprobadas polo Pleno da Deputación. No caso de delegación por outros entes públicos, estarase ao que se dispoña no convenio suscrito ao efecto.

CAPÍTULO VI

Especificacións sobre o persoal das Zonas de Recadación

Sección primeira: Disposicións comúns

Artigo 49.- DEREITOS

Os recadadores, xefes de Zona e o resto do persoal das Zonas de Recadación terán dereito a:

- a) Solicitar a cooperación e auxilio da autoridade, por conduto dos órganos superiores ou directamente en caso de urxencia, sempre que sexa necesario para o exercicio das funcións que teñen encomendadas e en especial nos casos establecidos no Regulamento xeral de recadación.
- c) Solicitar o traslado en caso de vacante noutra Zona de Recadación.

Artigo 50.- RÉXIME DISCIPLINARIO

Aos recadadores, xefes de Zona e ao resto do persoal das Zonas seralles de aplicación o establecido respecto diso na normativa correspondente, segundo o caso.

Artigo 51.- CESAMENTOS

Tanto os recadadores, os xefes de Zona, como o resto do persoal das Zonas de Recadación cesarán no posto de traballo polas causas que determine a normativa aplicable.

Sección Segunda: Dos recadadores e xefes de Zona

Artigo 52.- CARÁCTER E NOMEAMENTO

Os recadadores e xefes de Zona dirixirán na súa respectiva Zona a xestión recadatoria de acordo coas normas establecidas nesta ordenanza e as instrucións do tesoureiro, do vicetesoureiro e do xefe do Servizo Central de Recadación.

Serán seleccionados e nomeados de acordo coas bases específicas que para o efecto aprobe a Corporación.

Artigo 53.- DEBERES

1.- Como responsables na súa Zona da xestión recadatoria, os recadadores e xefes de Zona terán os seguintes deberes:

- a) Recadar as débedas conforme os procedementos establecidos.
- b) Tramitar os expedientes de prema con estrita suxeición ás disposicións legais e regulamentarias, e seguir as orientacións que neste sentido lles diten o xefe do Servizo Central de Recadación, o viceteseoureiro e o tesoureiro.
- c) Evitar, baixo a súa responsabilidade, a exacción de custas non autorizadas regulamentariamente, xustificando sempre nos expedientes as que, como procedentes, se esixan.
- d) Ser correctos nas súas relacións co público, esixindo que esta norma sexa observada igualmente polo persoal ao seu cargo.
- e) Responder da xestión da Zona de Recadación.

2.- Como responsables das contas restrinxidas das oficinas ao seu cargo, os recadadores terán os seguintes deberes:

- a) Realizar o arqueo diario das correspondentes contas.
- c) Elaborar mensualmente un parte de ingresos, que remitirán ao Servizo Central de Recadación, e realizar o seu traspaso á correspondente conta operativa.

Artigo 54.- INCOMPATIBILIDADES

O cargo de Recadador e de Xefe de Zona será incompatible co desempeño, sexa ou non retribuído, de calquera outro do Estado, Comunidade Autónoma, provincia ou municipio e co exercicio das profesións ou actividades de representante, comisionista, axente comercial, de seguros ou de publicidade e outras que impidan ou menoscaben o cumprimento dos seus deberes; non poderán tampouco dedicarse á industria ou ao comercio dentro da demarcación da súa Zona. Todo iso sen prexuízo do resto de incompatibilidades que lle sexan de aplicación.

Sección terceira: Do persoal de recadación das Zonas

Artigo 55.- FUNCÍONS

1.- O persoal de Recadación, baixo a dirección do recadador ou do xefe da Zona correspondente, terá o labor de realizar as dilixencias e trámites do procedemento de prema que non requiran a ineludible actuación persoal do recadador, así como todos os traballos administrativos da Zona.

2.- Será seleccionado e nomeado de acordo coas bases específicas que para o efecto aprobe a Corporación.

3.- Correspóndelle ao oficial maior da Zona, substituír ao recadador ou ao xefe de Zona, nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade.

Artigo 56.- DEBERES

O persoal de recadación terá os seguintes deberes:

- a) Seguir as directrices do recadador e xefe de Zona, así como dos demais órganos superiores, en todo o relacionado co Servizo.
- b) Proceder con corrección no trato co público.
- c) Desempeñar o seu traballo durante o horario establecido, sen prexuízo da dedicación extraordinaria que esixa a dilixente realización dos servizos da Zona.
- d) Realizar as funcións que lle son propias e os labores que lle encomende o recadador ou o xefe de Zona para a execución das providencias e dilixencias que se diten nos expedientes executivos.
- e) Desprazarse a todos os lugares que sexa necesario para o cumprimento das ordes do recadador e xefe de Zona.
- f) Non esixir custas que non estean xustificadas no expediente, conforme ao disposto no Regulamento Xeral de Recadación e demais normas aplicables.
- g) Responder ante o recadador ou o xefe de Zona de calquera falta de fondos da que sexan causantes, e dos prexuízos que ocasionen pola súa negligencia.
- h) Todos os esixibles ao recadador e ao xefe de Zona, cando substitúan regulamentariamente a este.

CAPÍTULO VII

Especificacións sobre o Procedemento executivo

Artigo 57.- XUROS DE MORA NO PROCEDEMENTO EXECUTIVO

O xuro de mora percibido no período executivo deberase aboar no momento do pago da débeda constrictiva e será sempre esixible, cando cumpra, conforme ao disposto nos artigos 26 a 28 da Lei xeral tributaria.

Artigo 58.- MESA DE POXA

A Mesa para a celebración de poxas de bens embargados no procedemento de prema estará composta por:

- O viceteseoureiro, que a presidirá.
- O xefe da Unidade Central de Recadación Executiva.
- O interventor.
- Un funcionario que para ese efecto designe o presidente da Deputación, que actuará como secretario.

Todos os membros da Mesa poderán ser substituídos.

CAPÍTULO VIII

Estados de Recadación

Artigo 59.- ELABORACIÓN

O Servizo Central de Recadación formulará, dentro do semestre seguinte á terminación de cada exercicio económico, estados demostrativos da xestión realizada durante o ano anterior, cuxo número, clase e forma establecerá a Presidencia. En todo caso, deberán presentarse con separación dos períodos recadatorios voluntario e executivo, e por anos, distinguindo debidamente os conceptos e recursos xestionados.

Así mesmo, elaboraranse estados integrados que recollan a xestión recadatoria global.

Artigo 60.- COMUNICACIÓN AOS ENTES DELEGANTES

No primeiro trimestre de cada exercicio, e en relación coa xestión recadatoria do exercicio anterior, a Deputación enviará a cada ente público delegante, para a súa conformidade, os estados demostrativos aos que se refire o presente capítulo. Se no prazo de quince días non se recibe reparo ningún sobre eles, consideraranse conformes.

CAPÍTULO IX

Comisión liquidadora

Artigo 61.- NOMEAMENTO

A proposta conxunta da Intervención e a Tesourería e con obxecto de realizar a comprobación material e técnica dos estados de situación das operacións recadatorias levadas a cabo polo Servizo Central de Recadación e as Oficinas de Zona e cuxa información debe integrarse nos estados de contas anuais das entidades locais aos que se refiren os artigos 208 e seguintes do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo, o presidente nomeará unha Comisión de funcionarios adscritos á Intervención e Tesourería-Recadación, que efectúen os traballos necesarios en orde á devandita comprobación.

Artigo 62.- COMPROBACIÓN

A Comisión liquidadora comprobará todas as operacións de cargo e data, e a existencia en poder do contadante dos expedientes pendentes de cobranza, a cuxo fin o contadante procedería confeccionar a súa listaxe. Ademais realizará as comprobacións que estime oportunas, entre elas as seguintes:

- a) Exame da tramitación figurada nos expedientes de prema, facendo constar no informe as anomalías observadas.

- b) Verificación dos rexistros contables da unidade, en especial a igualdade que debe existir cada día entre a suma do diario de cobranza, importe recadado e o importe do xustificante bancario de ingreso en conta restrinxida correspondente.
- c) Exame detallado dos motivos da data, especialmente por prescrición ou falta de datos esenciais.
- d) Exame crítico de todos aqueles aspectos da xestión auditada que estime oportunos para mellor fundamentar o seu informe, o cal debe facer referencia ao desenvolvemento do servizo e, en caso de acumulación anormal de valores pendentes de cobranza, ás causas que a producen e ás medidas que han adopta os órganos da Deputación.
- e) Cando cumpra, realizarase unha auditoría informática da información existente no Servizo Central de Recadación.

A Comisión liquidadora, se así é o seu criterio, propoñerá a aprobación dos estados auditados, podendo facer mención na proposta das incidencias producidas durante a comprobación.

O Servizo Central de Recadación e a Tesourería coordinarán o funcionamento da mencionada comisión.

TÍTULO VII

INFRACCIÓNS E SANCIÓN S TRIBUTARIAS

Artigo 63.- PROCEDEMENTO SANCIONADOR

1.- En materia de tributos locais, será de aplicación a regulación do procedemento sancionador prevista na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a desenvolven e, especialmente, a que establece o Real decreto 2063/2004, do 15 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral do réxime sancionador tributario e, no seu caso, o réxime previsto nas ordenanzas fiscais de cada tributo.

2.- O procedemento para a imposición de sancións iniciarase mediante moción ou proposta motivada do funcionario competente ou do titular da unidade administrativa en que se tramite o expediente, ou a través de actos ou dilixencias da inspección dos tributos. Corresponderalle ao responsable da Unidade designar ao instructor do expediente.

3.- Nos procedementos sancionadores que se inicien como consecuencia dun procedemento de inspección, deberá entenderse que as referencias contidas, tanto na Lei xeral tributaria, como no Regulamento xeral do réxime sancionador tributario, ao inspector-xefe, ao órgano competente para liquidar, son o inspector xefe da Unidade de Inspección de Tributos Locais, agás no relativo á aprobación de actos administrativos derivados do procedemento, cuxa competencia corresponderá, en todo caso, ao presidente da Corporación.

TÍTULO VIII

REVISIÓN EN VÍA ADMINISTRATIVA

Artigo 64.- PROCEDIMENTOS ESPECIAIS DE REVISIÓN

1.- Corresponderalle ao Pleno da Deputación, sen prexuízo das facultades de delegación na Xunta de Goberno, a revisión dos actos ditados en materia tributaria nos seguintes supostos:

- a) Declaración de nulidade de pleno dereito, previo ditame do Consello Consultivo, nos supostos dispostos no artigo 217 da Lei xeral tributaria e normas de desenvolvemento.
- b) Revogación dos actos de aplicación dos tributos e de imposición de sancións, nos casos e coas particularidades recollidas no artigo 219 da Lei xeral tributaria e normas de desenvolvemento.
- c) Declaración de lesividade de actos anulables, de acordo co establecido no artigo 218 da Lei xeral tributaria e normas de desenvolvemento.

2.- Corresponderalle ao presidente a rectificación de erros materiais, de feito ou aritméticos que se efectuará de acordo co disposto no artigo 220 do precitado texto legal e normas de desenvolvemento.

3.- O procedemento para o recoñecemento do dereito á devolución de ingresos indebidos iniciárase de oficio ou a instancia do interesado, axustándose a súa tramitación ao establecido no artigo 221 da Lei xeral tributaria e normas de desenvolvemento. A competencia para resolver o expediente correspóndelle ao presidente da Deputación.

Artigo 65.- RECURSO DE REPOSICIÓN

A tramitación e resolución deste recurso axustarase ao disposto no artigo 14.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Será competente para tramitar e resolver o recurso, o órgano da entidade local que dite o acto administrativo impugnado.

Artigo 66.- SUSPENSIÓN DO ACTO IMPUGNADO

1.- A execución do acto recorrido en reposición quedará suspendida automaticamente a instancia do interesado nos seguintes casos:

- a) Se se garante o importe do devandito acto, os xuros de mora que xere a suspensión e as recargas que puidesen proceder no momento da solicitude de suspensión.
- b) Se a impugnación afectase a unha sanción, a súa execución quedará automaticamente suspendida en período voluntario sen necesidade de achegar garantías ata que sexan firmes en vía administrativa, nos termos establecidos no apartado 3 do artigo 212 da Lei xeral tributaria.

2.- No suposto do apartado a), de non achegarse co recurso a oportuna garantía, a solicitude de suspensión non producirá efectos e archivarase esta, téndoa por non presentada para todos os efectos, e a súa notificación ao interesado.

Non obstante o anterior, o interesado poderá solicitar novamente a suspensión do procedemento recadatorio achegando as garantías indicadas. A dita suspensión tamén poderá concederse de forma automática a condición de que se cumpran os requisitos sinalados, producindo efectos desde a data desta nova solicitude.

3.- Cando sexa necesaria a emenda de defectos do documento en que se formalice a garantía, outorgarase ao interesado un prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación do requirimento, para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos con indicación de que a falta de atención ao devandito requirimento determinará o arquivo das actuacións e terase por non presentada a solicitude ou o escrito; se aqueles fosen emendados, entenderase que procede a suspensión automática con efectos desde a solicitude.

Cando o requirimento de emenda sexa obxecto de contestación en prazo polo interesado pero non se entendan emendados os defectos observados, acordarase a denegación da suspensión.

4.- Se no momento de solicitarse a suspensión a débeda está en período voluntario de ingreso, coa notificación da súa denegación iníciarase o prazo establecido no artigo 62.2 da Lei xeral tributaria, para que o devandito ingreso sexa realizado. De realizarse o ingreso no devandito prazo, procederá a liquidación dos xuros de mora percibidos a partir do día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata a data do ingreso realizado durante o prazo aberto coa notificación da denegación. De non realizarse o ingreso, os xuros liquidaranse ata a data de vencemento do devandito prazo, sen prexuízo dos que poidan percibirse con posterioridade conforme ao disposto no artigo 26 da Lei xeral tributaria.

5.- Se no momento de solicitarse a suspensión, a débeda está en período executivo, a notificación do acordo de denegación implicará que deba iniciarse o procedemento de prema nos termos establecidos no artigo 167.1 da Lei xeral tributaria, de non iniciarse con anterioridade á devandita notificación.

6.- Poderá suspenderse a execución do acto recorrido, sen necesidade de achegar garantía, cando se aprecie que ao ditalo se puido incorrer en erro aritmético, material ou de feito.

Nos supostos en que solicitada a suspensión da execución do acto administrativo impugnado por erro aritmético, material ou de feito, este non o aprecie a administración, acordarase a denegación da suspensión.

7.- Será competente para resolver a suspensión, o órgano da entidade local que ditou o acto.

8.- Todas as notificacións derivadas da tramitación da suspensión do acto impugnado, corresponderanlle á unidade encargada de tramitar o recurso.

9.- A garantía que constituirá o recorrente para obter a suspensión deberá ser algunha das seguintes:

- a) Depósito de diñeiro efectivo ou valores públicos. Cando se trate de débeda pública anotada, achegarse o resgardo emitido polo Banco de España que garante o seu bloqueo a favor da Deputación.
- b) Aval ou fianza de carácter solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución.
- c) Fianza persoal e solidaria de dous contribuíntes da provincia de recoñecida solvencia, só para débitos que non excedan de 1.500 euros.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A Intervención provincial exercerá as súas funcións de control e fiscalización interna en relación cos seus propios recursos e os dos entes delegantes, coa extensión e efectos establecidos na lexislación vixente e os convenios e acordos nos que se formalice a citada delegación.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal Xeral derroga a aprobada polo Pleno do 25 de xuño de 2010, así como as súas modificacións posteriores aprobadas mediante acordos plenarios do 28/10/2011, 26/10/2012, 22/02/2013 e 25/10/2013. Entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e permanecerá vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.”

8.-DAR CONTA DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 16 DA ORDE HAP/2015/2012 DO 1 DE OUTUBRO. EXECUCIÓN CUARTO TRIMESTRE DAS ENTIDADES LOCAIS 2013.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“PRIMEIRO: Tomar coñecemento da información remitida ao Ministerio de Facenda en cumprimento do artigo 16 da Orde HAP/2015/2012 do 1 de outubro relativa á execución ao cuarto trimestre de 2013.

SEGUNDO: Poñer a disposición de calquera interesado lexítimo a información obtida a través da páxina de internet da Deputación provincial, cando tecnicamente sexa posible.”

9.-MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA Nº 691 DO 21/01/2014 QUE APROBA A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO 2013.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tomar coñecemento da modificación da Resolución da Presidencia nº 691 do 21 de xaneiro do 2014 de aprobación da liquidación do presuposto do exercicio 2013, a través da Resolución de Presidencia nº 2552 do 13 de febreiro.”

10.-DAR CONTA DA ACTA DE INSPECCIÓN LEVADA A CABO POLA COMISIÓN CONXUNTA INTERVENCIÓN-RECADACIÓN DOS VALORES DE XESTIÓN DE COBRO NAS ZONAS DE RECADACIÓN NOS MESES DE OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2013.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Esta comisión, á vista da acta de inspección emitida polos integrantes da comisión investigadora, adopta o seguinte acordo:

Toma de coñecemento do contido da acta da comisión conxunta intervención-recadación sobre as actuacións de investigación dos valores de xestión de cobro nas zonas recadatorias correspondentes ao 4ª trimestre do exercicio 2013.”

11.-INFORME DOS DEREITOS DE DIFÍCIL OU IMPOSIBLE RECADACIÓN DOS RECURSOS PROPIOS, SEGUNDO O DISPOSTO NO ARTIGO 193 BIS DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Dar conta do informe dos dereitos de difícil ou imposible recadación dos recursos propios, segundo o disposto no artigo 193 bis do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.”

12.-INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA AO 30.01.2014 E PROXECCIÓN AO 31.12.2014.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tomar coñecemento do informe sobre o estado de execución presupostaria a 31/01/2014 e proxección a 31/12/2014.”

13.-APROBACIÓN DO PLAN DE INVESTIMENTO DE VÍAS PROVINCIAIS 2014, PRIMEIRA FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o Plan de investimento de vías provinciais 2014, primeira fase, integrado polas obras que se relacionan a continuación, con indicación da súa denominación e presuposto:

CÓDIGO	GRUPO - DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS) (0410/453A/60900)	VALOR DA EXPROPIACIÓN (0620/453A/600)
14.1110.0001.0	DP 0810 de Guiliade - Guísamo 1ª F actualización, ampliación e mellora	410.147,90	8.643,71
14.1110.0002.0	DP 8203 Vedra á Ponte de Santa Lucía PK 8,13- 10,37 ampliación e mellora	1.299.036,66	121.007,74
	TOTAL	1.709.184,56	129.651,45

Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras.

O financiamento deste plan realizarase con cargo á partida 0410/453A/60900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2014.

2.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, poderanse proseguir as actuacións unha vez transcorrido o citado prazo sen que se presente ningunha alegación.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 122 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, poderanse proseguir as actuacións unha vez transcorrido o citado prazo sen que se emita ningún informe.”

14.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE A RENUNCIA AO CARGO DE DEPUTADO PROVINCIAL DE D. XOSÉ LOIS PIÑEIRO GARCÍA.

Por unanimidade, apróbase a ratificación da inclusión na orde do día e tamén por unanimidade, apróbase a seguinte proposta:

“Don Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Presentada por escrito o 31 de xaneiro de 2014 a renuncia ao seu cargo de deputado polo deputado provincial don Xosé Lois Piñeiro García, procede facela efectiva perante o Pleno da Corporación, consonte co disposto nos artigos 8.4 do Regulamento orgánico desta Deputación e 9.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sen que procedera tramitala antes da convocatoria do Pleno polo carácter revogable da propia renuncia;

Polo tanto PROPOÑO AO PLENO, logo da ratificación previa da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 56.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

1.-Tomar coñecemento da renuncia presentada ao seu cargo polo deputado provincial don Xosé Lois Piñeiro García.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da Administración electoral a vacante existente, para os efectos da substitución establecida no artigo 208 da Lei 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.”

Sr. Piñeiro

Grazas, bos días a todos e a todas, simplemente quero despedirme e fago un comentario que me fixo aquí o Sr. secretario, de que a estas alturas non sei porqué me marchou, pero ben, non temos porqué molestar á Xunta Electoral, pero a verdade é que aínda queda máis dun ano e creo que vén aí outra persoa á que tamén lle pode valer de algo a experiencia de participar na Deputación. Non vou comentar, xa sabemos todos cal é a postura do BNG respecto desta Administración, pero ben, eu algo aprendín de como se manexa unha Administración pública, se algún día chego a ter responsabilidades de goberno, como facelo mellor, e agradezo o bo trato recibido por absolutamente todas as persoas que estiven en contacto nesta Deputación, tanto os compañeiros deputados e deputadas, como o funcionariado. Moitas grazas, e vémonos por onde sexa, ao presidente quero velo pronto na Pobra na inauguración da nova traíña, que o saiba, se é posible.

Sr. presidente

Moitísimas grazas tamén en nome de toda a Corporación polo traballo desenvolvido durante este tempo e tamén polo trato que dispensou tanto ao resto dos compañeiros como tamén ao persoal desta casa, e moita sorte nos proxectos que teña vostede pensado emprender. Verémonos alí na Pobra, como nos vimos no seu momento tamén. Moitas grazas.

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

-Moción do BNG sobre un 8 de marzo pola derogación das leis contra as mulleres.

INTERVENCÍONS

Sr. Requeira Varela

Ben, bo día de novo a todos e a todas, moita sorte no persoal ao compañeiro que se vai, Xosé Lois, supoño que nos convidará a algo despois do Pleno, imos alá coa moción.

O 8 de marzo non pode converterse nunha data de celebracións rituais e hipócritas, baleiras de contidos en case todos os casos, ou só en papel mollado e fotos para a galería, o 8 de marzo, agora máis ca nunca, é unha data que tamén as institucións deben de mostrar con claridade o seu compromiso co avance no recoñecemento dos dereitos das mulleres e de denuncia da involución que se está a producir en todos os ámbitos. É pois, unha data importante para facer balance dos logros realizados polas mulleres para conseguir a igualdade plena. A crise económica e os veloces cambios financeiros colleu as mulleres consolidando precariamente a súa entrada no mercado laboral, ao mesmo tempo estas mulleres loitaban polo recoñecemento nas institucións e proclamaban leis de igualdade, aínda que nunca esquecían que as tarefas do coidado seguían nas súas mans. Cansadas da tripla xornada viron como a cadea de coidados desprazábase ás mulleres dos países pobres que, poñendo rostro feminino á inmigración, viñan facerse cargo dos nenos, nenas, vellos e vellas, nos seus países de orixe quedaban as súas nais coidando dos seus fillos, das súas fillas, e agardando os cartos para alimentar a toda a familia extensa. Os discursos neoliberais actuais necesitan inocular un valor patriarcal como é o da ficticia protección da maternidade, non o dereito á maternidade das mulleres nunha sociedade igualitaria, senón a protección da xestación dun ser carente de dereitos e, polo tanto, necesitado de titorización.

Esa ideoloxía acha un caldo de cultivo ideal nunha situación de desemprego xeneralizado, os valores tradicionais da familia patriarcal están agochados nunha boa parte da sociedade e só cómpre sacalos a flote. A linguaxe do traballo escaso e a necesidade de que as mulleres continúen a facer tarefas de coidado nun momento de recorte dos servizos públicos está presente continuamente. Esta incorporación das mulleres ao mercado laboral conseguiu, aínda que de forma moi precaria, unha autonomía persoal importante para estas, non obstante, o traballo remunerado das mulleres tamén iluminou unha esfera opaca da vida, a referida ao coidado. O problema da conciliación da vida laboral e familiar entrou na axenda pública e só tivo unha abordaxe satisfactoria naqueles países que apostaron polos servizos públicos e a corresponsabilidade cos homes. O goberno galego, co Sr. Feijoo á cabeza, decidiu eliminar a corresponsabilidade do seu ámbito de actuación, reducir os orzamentos en políticas de conciliación e adoptar medidas falsamente natalistas, como a aprobación da Lei de apoio á familia e a Lei de apoio á muller embarazada. Estas leis non avanza no recoñecemento dos dereitos das mulleres, nin no fomento da corresponsabilidade, como tampouco o fixeron o Plan de apoio á muller embarazada 2012-2014, desenvolvido pola Secretaría Xeral de Igualdade, e o Plan de demografía de Galicia, desenvolvido pola Consellería de Traballo e Benestar. Pola contra, significan un retroceso nas políticas de igualdade dos últimos anos, e un paso atrás importante na escasa concienciación sobre os usos dos tempos acadada ata este momento. De feito, como exemplo deste marco ideolóxico contrario aos dereitos das mulleres podemos sinalar a publicación da *Guía de recursos, apoio e asistencia á maternidade*, por parte da Secretaría Xeral de Igualdade. En primeiro lugar sorprende que este tipo de publicacións procuren o seu espazo nunha Secretaría de Igualdade que debería de velar pola transversalidade de xénero. En segundo lugar, omitir a paternidade é un claro nesgo ideolóxico do sexismo na normativa en materia de xestación que este Goberno mantén, sostendo a idea de que seren fillos e fillas é unha cuestión feminina. En terceiro lugar, a Guía recolle as entidades sen ánimo de lucro con programas de apoio ás mulleres xestantes de Galicia, en concreto 16 programas dos cales 11 deles son xestionados por ordes relixiosas ou grupos

contrarios ao dereito ao aborto, entre os que destacan Congregación Fillas do Divino Ceo, Congregación relixiosa Servas da Paixón-Fogar Santa Isabel, Betania de Xesús Nazareno, Rabaño de María, Rede Madre Pontevedra, Rede Madre Ourense, Rede Madre Coruña, Cáritas Diocesana ou Asociación de Axuda á Vida. Estas entidades, todas elas contrarias aos dereitos en igualdade das mulleres, foron e son potenciadas desde o Goberno Feijoo baixo o discurso de apoio á maternidade, ao mesmo tempo que se fan máis restrictivos os requisitos de prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos para o ano 2013, que se instaura o repago dos comedores escolares, que se limita o horario das escolas infantís públicas, que se amortizan as prazas de matrona, que non se substitúen as prazas de pediatría, que se elimina a gratuidade dos libros de texto, etc., etc.

Como podemos comprobar, tanto as leis antes enunciadas, como os plans e accións que emanaron destas eran un adianto da ideoloxía que o PP plasmaría posteriormente no anteproxecto da Lei orgánica para a protección da vida do concibido e dos dereitos da muller embarazada, que realmente o que fai é penalizar ás mulleres que exercen o seu dereito á interrupción voluntaria do embarazo.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego, solicita do Pleno da corporación provincial a adopción dos seguintes acordos:

Instar á Xunta de Galicia a:

Primeiro: Derrogar os seguintes textos legislativos por non dotaren de servizos nin recursos ás mulleres que queren exercer o seu dereito á maternidade, e por suporen un retroceso de décadas en igualdade: Lei de apoio á muller embarazada, e Lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Segundo: Mostrar o seu total rexeitamento do anteproxecto de Lei orgánica para a protección da vida do concibido e dos dereitos da muller embarazada, e dar traslado deste ao Goberno do Estado, esixindo a súa total retirada. Moitas grazas.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente, a verdade é que nosoutros non presentamos unha moción sobre este tema, porque entendíamos que, como todos os anos, habería unha moción institucional, unha moción conxunta, presentada polos tres partidos políticos aquí representados. Isto non foi posible, e entendo que non sexa posible, porque nuns momentos nos que os dereitos da muller están sufrindo unha grave involución, ao Partido responsable desta involución, fáielle difícil asinar algo neste sentido.

Polo tanto, nós non presentamos ningunha moción, e imos votar favorablemente á moción presentada polo BNG, e lamentamos que non tivésemos capacidade para chegar a un acordo e presentar unha moción os tres grupos, como fixemos sempre con motivo do 8 de marzo nesta Deputación.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. presidente, en primeiro lugar, desexarlle o mellor a Xosé Lois na súa despedida desta institución. Dicar que non é por culpa do meu Grupo polo que non se puidera chegar a un acordo, é por culpa dunha palabra, a palabra que distingue imposición de diálogo, porque dos miles de caracteres que tiña esa declaración

institucional, dos centos de palabras que tiña esa declaración institucional, só nos separaba o feito de que nós o que pedimos é diálogo, consenso, e o resto dos grupos parece que o que queren é a imposición, a imposición nun tema que é de gran sensibilidade social, e nós non somos alleos a esa sensibilidade, tanto de forma individual, como de forma colectiva, como partido político, todos somos conscientes de que é un tema que toca na ética, na moral, ou ben na conciencia, non só individual, senón da propia sociedade. Por iso, nós pensamos que nun tema tan delicado o importante é o diálogo e o consenso. Precisamente creo que se hoxe estamos discutindo é por buscar aquel consenso perdido no ano 2010. No ano 2010 practicamente tomáronse unhas decisións que rachaban ese consenso, é por iso que agora nós tamén esperábase a sensibilidade do resto dos grupos cara a poder aprobar esa declaración institucional, esa declaración institucional na que estábamos de acordo no que son os principios e as ideas que podía levar consigo, pero onde estábamos en desacordo na forma de afrontalo, hai quen pide a retirada total e hai quen pide seguir dialogando, buscando ese consenso, que o noso Grupo reitera como necesario. Polo tanto, esas son as razóns que esgrimimos para votar que non a esta moción do Grupo Nacionalista.

Sr. Requeira Varela

Antes de nada agradecerlle o voto favorable do Grupo do PSOE e en relación co consenso, evidentemente, se estamos hoxe discutindo este texto é porque o Goberno do Partido Popular non buscou en ningún momento o consenso, esta é unha lei totalmente sectaria e incluso moi contestada, e moi contestada dentro do Partido Popular, a todos os niveis, desde concellos, Congreso dos Deputados, etc., polo tanto, eu creo que o Partido Popular neste caso non pode dar leccións de consenso a ninguén. Vostede falaba de que o que fora imposible fora o consenso por imposición dunha palabra. Mire vostede, cando esta lei xurde dunha visión moi particular dun grupo político, unha visión, neste caso incluso voume atrever a dicir sectaria, apoia en cuestións máis teolóxicas que reais, é difícil chegar a un consenso. Eu estou de acordo con que todo o mundo ten unha sensibilidade, unha moral, etc., etc., pero mire vostede, cando se fala dunha lei, as leis non teñen que ser morais, nin teñen que ter sensibilidade, teñen que ser xustas. Eu estou seguro que se esta lei afectara aos homes, e dígoo así con toda a claridade, estaría o tema resolto, pero non afecta aos homes, afecta ás mulleres, e polo tanto, ou se está a favor do dereito a decidir das mulleres, a decidir sobre a súa propia maternidade, a súa propia saúde, etc., etc., ou non se está, pero hai que dicilo con claridade. Polo tanto, nós o que queremos é reclamar xustiza, e tamén queremos reclamar ese consenso ao que vostede fai referencia, pero para chegar a un consenso témolo que debater previamente, non que nos impoñan un texto que, xa digo, nace dunha visión moi particular e dunha forza política en concreto, e parte dunha visión máis teolóxica incluso social. Polo tanto, evidentemente, abertas todas as portas ao consenso, pero antes, por favor, retirada da lei.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 17 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

-Moción do BNG sobre a reforma local e provincial.

INTERVENCÍONS

Sr. Requeira Varela

A Constitución de 1978 asumía un modelo de organización territorial deseñado no primeiro terzo do século XIX, un modelo fundamente centralista, antitético coa descentralización e contrario claramente ao modelo de reparto competencial do actual modelo autonómico.

A coñecida política de organización territorial en comunidades autónomas, o famoso “café para todos”, e querendo fuxir do recoñecemento serio dun Estado plurinacional, obviou o debate da utilidade da organización provincial, da súa eficacia e da súa representatividade. A persistencia deste modelo provincial nas actuais circunstancias de restrición de recursos para atender políticas sociais básicas, incide negativamente na utilización deses recursos públicos dun xeito máis racional, eficiente e téndose que retraer unha boa parte deses recursos no mantemento das estruturas burocráticas das propias deputacións provinciais.

A reforma local aprobada no 2013 reforza este modelo centralista e provincialista, e reforza as deputacións como aparato recentralizador, diminúe a autonomía local, obrigando a homologar as políticas e iniciativas locais ás do Goberno Central, anulando a capacidade política dos concellos. Afasta as políticas públicas da cidadanía, prestando eses servizos desde ámbitos e desde administracións que non están localizados no propio territorio onde se prestan. Dá competencias a unha administración elixida de xeito indirecto, incrementando incluso o déficit democrático que padecemos no día de hoxe. Precariza a calidade dos servizos públicos e avanza claramente nos preocupantes procesos privatizadores.

Alén diso, é tamén necesario abordar dunha vez por todas un proceso máis estratéxico, que implique a reforma constitucional do modelo de organización territorial provincial, ao ser a única vía para abordar unha racionalización administrativa coa que obter un aforro estrutural do gasto público con carácter improdutivo. Só desta maneira poderemos dotar de maior financiamento e recursos económicos aos concellos como institucións máis próximas á cidadanía e auténticas entidades representantes do interese local.

A través desta presente moción, coa que queremos tamén dar traslado dun acordo practicamente unánime de toda a oposición representada no Congreso dos Deputados, pretendemos tamén, por unha banda, evitar a consumación da involución que supón a reforma local aprobada en 2103, dadas as consecuencias inmediatas que vai ter, e por outra banda comezar o proceso de reestruturación da organización territorial local a partir da necesaria superación da actual delimitación provincial, e das propias deputacións provinciais. O obxectivo é abandonar definitivamente así a herdanza dun modelo de organización territorial decimonónico, para dar paso á adecuación entre a implantación territorial e o seu correlato institucional.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación provincial a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Rexeitar a aprobación da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local e iniciar a tramitación da formalización do conflito de defensa da autonomía local, consonte ao disposto nos artigos 75 bis da Lei orgánica do 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional. Segundo: Demandar o inicio dun proceso de reforma constitucional sobre o modelo de organización provincial e local do Estado español, con base aos seguintes criterios: A. As estruturas territoriais básicos do Estado español serán os municipios e as comunidades autónomas. B. Acometer o proceso de extinción das deputacións provinciais de réxime común, para dar paso a un novo mapa institucional deseñado a partir da realidade territorial de Galicia, baseado na articulación a través de concellos e comarcas.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente. Esta moción, como dicía o Sr. Regueira, ten dúas partes claramente diferenciadas. Por unha banda, evitar a consumación da involución que supón a reforma local, que supón a Lei de racionalización e sostibilidade de Administración local, e por outra banda, demandar o inicio dun proceso de reforma constitucional que reforme a organización provincial e local do Estado.

Nós imos pedir votación separada do punto un e do punto dous, porque podemos votar o punto un favorablemente, pero non podemos votar o punto número dous, se se admite a votación separada votaríamos así, se non se admite votaríamos non a esta moción.

Votamos a favor do punto número un porque nós, o Partido Socialista, e así o puxen de manifesto no debate no Congreso dos deputados, está en contra do contido da Lei de racionalización e sostibilidade das administracións locais. Xa neste Pleno este portavoz tivo varias intervencións sobre este tema dicindo que era necesaria, e é necesaria en España, unha lei de racionalización e sostibilidade das administracións locais, unha lexislación como a que temos actualmente que permite que un cidadán, cando ten unha necesidade non saiba a quen dirixirse, porque non sabe de quen é a competencia, cando algún alcalde ten que atender todas as demandas, aínda que non sexan as propias do concello, e cando non hai límites no financiamento, cando non se entende que a autonomía local ten un límite, que é capacidade financeira dese concello, e que non se pode superar máis que endebedando indebidamente ao concello, e trasladando o problema a xeracións futuras, temos que modificar este sistema que actualmente temos en vigor porque permitiu, por estas ineficiencias, que 11.000 millóns de euros en facturas estean agochadas nos caixóns dos despachos dos distintos concellos de España. Claramente o sistema que temos non é útil, nin é eficaz, nin é sostible, por iso entendemos nós que é necesario unha reforma, pero entendemos que non é esta a reforma necesaria, e entendemos e demandamos como o dixemos aquí neste Pleno varias veces, que é necesario abordar esta reforma con consenso e con diálogo, o mesmo que pedía o Sr. portavoz do Partido Popular na moción anterior, porque estes son temas sensibles, son temas serios, que afectan ao conxunto dos cidadáns, e que teñen que ter unha vixencia no tempo, teñen que ser leis que sirvan para gobernar o Partido Popular, o Partido Socialista, o Bloque Nacionalista Galego, ou o goberno que sexa, e necesitamos leis que saiban os cidadáns a quen lle poden reclamar, a quen lle poden esixir, e a quen lle poden pedir responsabilidades, e nestes momentos os cidadáns non saben, porque hai un *tórum revolútum* en que os concellos teñen que facer de todo cando teñen unhas

competencias limitadas e cando teñen fundamentalmente limitados os recursos financeiros para poder levar a cabo as súas responsabilidades.

Polo tanto, votamos a favor se se separa a votación do punto número un, porque nós rexeitamos esta lei, entendemos que non é a necesaria, aínda que si entendemos que é necesario legislar e regular este tema.

Non podemos votar o punto número dous, mire, incluso dentro do meu Grupo, hai xente que opina unha cousa das deputacións, e xente que opina outra cousa, pero non depende de nós. Ese é un tema que transcende ao debate desta cámara e é un tema que se ten que dar o debate no Congreso dos Deputados, e entendemos que mentres non se tome unha decisión sobre a continuidade das deputacións, o que temos que facer, ao menos os deputados da oposición do Grupo Socialista, é facer que esta Deputación sexa útil e eficaz para os cidadáns, e cando se abra o debate cada un de nós dirá o que queira, o Partido tomará unha disposición e nós teremos unha posición clara. Nós non podemos facer unha reforma constitucional, que ao mellor é necesaria en moitos máis ámbitos, e definindo xa aquí, o Grupo Socialista desta Deputación, definindo o contido da reforma e en que dirección ten que ir, é que non é razoable. E, desde logo, entendemos que a Deputación é unha institución decimonónica, que naceu coas Cortes de Cádiz, que foi unha Constitución liberal, cando o liberalismo tiña outra entidade e outro significado diferente ao que ten agora. Foi unha institución que naceu despois das Cortes de Cádiz, e que tomou pulso despois da revolución do 68, que foi unha revolución progresista para levar a prosperidade aos territorios, para desenvolver economicamente, socialmente, os territorios. Pero é unha institución decimonónica, pero moito máis decimonónico é hoxe andar, na miña opinión, reivindicando as comarcas, porque se iso se fai pensando que se vai aforrar diñeiro, eu creo que é un erro, porque estamos suprimindo unha institución para crear catorce, porque esas comarcas terán que ter tamén presidentes, conselleiros, ou o que sexan, unha infraestrutura administrativa, e son custos. Creo que é necesario, de verdade, facer unha profunda reflexión sobre a situación actual do municipalismo e da administración local española, creo que é necesario facer unha reflexión profunda sobre a organización territorial do Estado, pero é algo que nos supera a nosoutros e debe de facerse, por suposto, con consenso.

Por iso digo que non podemos votar a favor do punto número dous porque, primeiro, o tema da existencia ou non das deputacións, xa digo, no noso Grupo hai persoas que din que debe de existir, e outras persoas que din que hai que suprimilas, entón o que temos que facer é, mentres sexamos deputados, esixirlle ao Goberno que ten a responsabilidade de gobernar que utilice os recursos, o prestixio e os fondos da Deputación para solucionar os problemas dos cidadáns e para ser útiles aos cidadáns, e logo daremos o debate onde teñamos que dicir. E, desde logo, o meu Partido, non está a favor das comarcas. Isto creo que foi unha cousa que copiamos dos nacionalistas cataláns, que se definiu tamén a comarca no século XIX, que por certo, o ámbito territorial da comarca era o espazo que podía abranguer unha xunta de bois nun día, e creo que nos momentos en que estamos vivindo teríamos que ser máis imaxinativos e formular outras cuestións.

Remato, se é posible pedir votación separada, votariamos que si ao punto número un, e non ao punto número dous, se non é posible votariamos que non a esta moción e, aínda que non vale para nada, quero expresar o sentir do Grupo Socialista

e do Partido Socialista, de que é necesario abordar en Galicia e en España unha profunda revisión da Administración local e do financiamento da Administración local. Nada máis e moitas grazas.

Sr. López Crespo

Bos días, deputadas e deputados. Isto de ser do Goberno ten algúns problemas, por exemplo falar despois do Sr. Moreda, digo falar despois do Sr. Moreda porque ao mellor di case o que eu quería dicir, entón vaime ser máis difícil argumentar. Só non entendo unha cousa do Grupo Socialista e é porque fai a diferenza entre o primeiro punto e o segundo, argumentando no segundo que sería unha cousa do Congreso dos Deputados en Madrid, a primeira tamén, o que pasa é que a segunda vostede coñecía polos anos longos que levou gobernando esta Deputación, e por iso deféndeala con máis afán.

Pero ben, en todo o caso a moción preséntaa o BNG, e eu quero dicirlle ao BNG que o periódico e reiterado tratamento antideputacións é claro e notorio, e agora a ocasión preséntase calva xa que se aproveita a conxuntura lexislativa de que vén esta Lei de racionalidade e sostibilidade. Quen di isto, é a maioría dos compañeiros do partido, facémolo desde un municipalismo convencido, pero desde un municipalismo racional, por iso digo que moitas das palabras que dixo o Sr. Moreda asúmoas.

Levamos nos concellos pelexando por autonomía, levamos nos concellos pelexando por financiamento, e aquí en Galicia, eu levo dezanove anos nisto nada máis. Desde o ano 95 na institución que é a Federación Galega de Municipios e Provincias, traballouse moi duro, con moito diálogo e con moito *pressing* sobre a administración superior, que era a Xunta de Galicia, para conseguir importantes logros no que era a dotación orzamentaria e o que era a definición de competencias. A verdade é que aquela xente da FEGAMP podémola ter considerada dentro de históricos respectables do municipalismo galego, alí estaba o alcalde actual de Lalín, Pepe Crespo, alí estaba o ex-alcalde de Allariz, Anxo Quintana, alí estaba Pachi, o ex-alcalde de...-non me sae agora o nome, problemas da idade-, do Barco, de Carballiño, perdón, cousa do viño, entón eses tres políticos que eran os portavoces, con moito tempo e moita dedicación, conseguiron que nalgúns aspectos, fundamentalmente no eido da educación, da sanidade e dos servizos sociais, definíranse as competencias e moitas delas pasaran as autonomías, pasaran ás consellerías correspondentes, para deixar liberados os concellos, aparte conseguírase o famoso fondo de cooperación local, que foi unha inxección importante para os concellos no aspecto económico.

Pois ben, é curioso como todos estes desatinos, xestións, bo facer político dos distintos partidos, deixando a un lado o dogmatismo ideolóxico e pasando esa praxe da que falaba o Sr. Moreda, de atender as necesidades dos veciños, é curioso como no ano 2013, ao final, por este borrador de lei, rómpese todo, na FEGAMP faise unha reunión *in extremis* para mandar un escrito a Madrid, a verdade é que a sensibilidade ou a capacidade auditiva de Madrid no Ministerio correspondente, é pouca tamén, pero de repente rómpese e vólvese outra vez a pelexar e esixir cambios nesa lei. Desculpen este pequeno estudo histórico de como se conseguiron acordos neste sentido, e agora aparece, e aí non vou a repetirme moito máis, a necesidade, nunha patoloxía socioeconómica europea, é dicir, todos sabemos que é necesario cambiar a

normativa respecto ao poder local, respecto á Administración local, pero iso faise, hai que darse conta, non é alleo, nun ambiente, nunha saba de goma cerrada que é a crise económica mundial, e fundamentalmente europea, e isto leva como situacións de desesperación, o dito de calquera maneira, agárrase a un cravo ardendo, pois neste caso tamén, a administración ás veces fai as cousas non da mellor maneira, e aí estamos todos os municipalistas e todos os partidos, pedíndolle ao goberno central que nos escoite nas nosas reivindicacións, e incluso algunhas institucións como o Consello do Estado tíralle un pouco das orellas dicindo coidado, que non se toque a autonomía local, pero sen tocar a autonomía local si que era necesario tocar a orde na administración da economía dos concellos para evitar esas situacións das que falaba o Sr. Moreda endebedados para a historia, e os que veñen detrás, que sachen. Dito isto, nós, desde o Grupo Popular, repito, estamos apelando ao diálogo coa Administración central para que flexibilice na medida do posible algúns aspectos desta lei, que xa o está facendo, por certo, os técnicos de habilitación nacional do meu concello e outros, din que están descoidadísimos, porque o Ministerio se empeña en facer correccións desta lei a través de pequenas disposicións doutro ámbito, como pode ser o Decreto dos temporais do Cantábrico, e aí métenos o do gasto do remanente de Tesourería, etc., etc. noutros decretos, aí haberá que pedir tamén que sexa máis claro á hora de publicalos. Pero repito, o importante é que non se lesione a autonomía local, pero que a autonomía local non sexa máis forte que a capacidade económica que lle dea esa autonomía, o que non podemos é ter autonomía para gastar o dos outros, e aquí repito unha palabra, que todo o mundo vai saber quen a di, que é o presidente do Goberno da Xunta do noso partido, que di que só se pode gastar o que se ten e cando se gasta, hai que pagar o que se compra. Respectando ese principio económico, imos reivindicar a autonomía.

E por último, e xa non me estendo máis, todos os aspectos que vaian deteriorar un pouco esa autonomía local, nós confiamos, o noso partido, que desde a Lei galega de administración local, que palíe as pequenas lagoas que teña esta lei española. E por último, falar das deputacións.

É certo que é decimonónica, decimonónicas son moitas vacinas contra as enfermidades, decimonónicos son moitos aspectos que hai na nosa vida social e económica, o sistema bancario, pero decimonónica non pode ter o sentido pexorativo, nin negar a virtualidade das deputacións, dende logo se nalgún sitio teñen sentido as deputacións é en Galicia. Non recoñecerlle o papel que tivo a Deputación no desenvolvemento social, económico, cultural, deportivo, de servizos sociais, en definitiva, a repercusión que tivo o papel da Deputación na mellora do estado do benestar dos nosos cidadáns, non recoñecer iso é estar nun imperialismo ideolóxico que lle impide recoñecelo. Eu presentaría unha moción, non sei, un escrito ao Goberno do Estado para que nas súas reformas que propoña, que as deputacións de España imiten o funcionamento da Deputación da Coruña, é dicir, é certo que non todas as deputacións funcionan igual, pero nós coñecemos como funciona esta Deputación, e nós sabemos que o funcionamento desta Deputación é irreprochable, e é necesario, e desde logo, entre o problema da Lei de estabilidade e racionalidade que lle crea aos concellos de menos de 20.000 habitantes, ese problema, con deputacións ou sen deputacións, eu non me quería ver na problemática desa lei sen as deputacións. As deputacións son, ou teñen que ser, esa é a súa vocación, reequilibradoras de diferenzas, por distintas razóns que non veñen ao caso, o concello *a* pode ter unhas recadacións importantes, e o concello *b* non as ten porque

non hai industrias, porque non hai empresas, porque non hai IBI, e iso só a deputación sería capaz de remedialo.

Estendínme moito, me parece, pero en todo caso, señores propoñentes da moción, que é o BNG, nós consideramos que debe rexeitarse esta moción, que seguiremos traballando para que nos escoiten en Madrid aspectos tocante a autonomía dos concellos, e as deputacións, por favor, non totalas, no sentido de si ou non, totalas no sentido de que funcionen como funciona a Deputación da Coruña.

Sr. Requeira Varela

Eu entendo que o Sr. López Crespo teña confianza no seu partido, evidentemente nós non a podemos ter, ou en principio non debemos tela. E despois dicía vostede que seguirán reclamando e intentando que os escoiten, pero tamén antes dixo que o Ministerio estaba un pouco xordo, ao mellor non vaia ser que só con falar non escoiten nada, mellor presentar as cousas por escrito e apoiadas con decisións políticas nas administracións onde se teñen e poden debater. En todo caso, e volvendo ao que dicía o Sr. Moreda, nós non temos ningún problema en que se vote por separado esta moción, pero quero recordarlle unha cousa sen ánimo de querer facer, nin o pretendemos, nin facer historicismo, nin revisionismo, nin nada, non estamos na época das Cortes de Cádiz, por sorte as políticas progresistas non son as que tiñan os liberais das Cortes de Cádiz, hai un ano e pico estabamos debatendo sobre este tema e tela tela, polo tanto estamos noutro momento e algunhas institucións responden a momentos concretos. En todo caso falaba vostede de que intentamos copiar o tema das veguerías catalás, etc., etc., eu recordo, era neno, eu non teño tanta capacidade histórica como teñen vostedes dous, algo máis novo son, eu recordo na época de Fernández Albor que xa se empezaba a falar do tema da comarcalización e algún estudo serio fíxose nese sentido, non é algo novo nin que se copie doutras nacións do Estado español, nin nada parecido, aquí neste mesmo Pleno, fíxense vostedes, acabamos de aprobar algo que curiosamente non é o que se propón en senso estrito, como é a comarcalización pero, coa abstención do BNG incluso, acábbase de aprobar unha especie de comisión intermunicipal, ou comunidade intermunicipal para xestionar servizos e ser máis eficientes na xestión de servizos. Isto pódese facer perfectamente, houbo consorcios, hai comunidades, hai de todo. Pero falando xa das deputacións, o que está claro é unha cousa curiosa, herdouse un modelo territorial das Cortes de Cádiz, como moi ben dicía o Sr. Moreda, e ao mesmo tempo aprobouse un estado das autonomías, e aprobouse xustamente para evitar un debate que naquel momento de transición era un debate complexo, complicado e algúns consideraban que perigoso, que era o debate do estado plurinacional, e para non entrar nese debate fixéronse autonomías, duplicouse a Administración ata extremos que un presidente francés, non me acordo quen era exactamente, pode que fora Mitterrand, non o sei, que chegou a dicir, o das autonomías está moi ben, pero en Francia non o podemos facer porque Francia non é un país rico, pero España entendíase que debía de ser un Estado rico porque se permitía eses luxos.

Se se pretende abordar un debate sobre a reforma local serio, non se pode obviar o debate das deputacións provinciais e das autonomías, nin da realidade plurinacional do Estado, e polo tanto haino que abordar, e eu creo que hoxe en día é imposible, e vou facer miñas as palabras que refería o Sr. López Crespo, dicía, o Grupo provincial do BNG non está falando nin da Deputación da Coruña, nin da Lugo, nin da de Ávila, está falando das deputacións, pero el dicía, un día habería que

agradecerlle todo o que fixo a Deputación da Coruña polas políticas deportivas, culturais, de benestar, etc., etc., eu non o vou a discutir, seguramente sexa así, pero esas políticas tamén as ten que facer a administración galega, a comunidade autónoma que é a que ten o marco competencial e ten a responsabilidade de facelo, e poderíao facer perfectamente sen unha deputación provincial polo medio, polo tanto unha cousa non quita a outra.

En todo caso, para non entrar máis en debate, nós non temos ningún problema en votalo por separado e por cuestións que foron xurdindo por parte do Sr. López Crespo como por parte do Sr. Moreda. Eu ben sei que no PSOE hai xente que ten visións contrapostas sobre este debate, evidentemente, pero tamén no Partido Popular, eu coñezo alcaldes non moi lonxe de onde eu vivo que moitas veces saíron a *largar* das deputacións provinciais sen piedade, ademais, polo tanto, e hai non moitos anos, fíxese vostede, antes de que o Partido Popular sacara a maioría absoluta e o Sr. Rajoy estivera no goberno, eu escoitaba a altos representantes políticos do Partido Popular dicindo que había que debater sobre as deputacións provinciais e que ao mellor era o momento de superar ese escollo, curiosamente no momento en que se acada unha maioría absoluta e se ten moito poder a nivel local, ese debate queda postergado.

Polo tanto, nós o que pedimos é que por fin se dea este debate dunha maneira seria, e fíxese vostede, Sr. López Crespo, eu creo que a única forma de avanzar na autonomía local, que eu creo que é o punto onde todos estamos de acordo, e eu agradézolle o repaso que fixo vostede as loitas da FEGAMP sobre este aspecto, pois neste punto que todos estamos de acordo seguramente a única fórmula de avanzar é reconsiderando o papel das deputacións provinciais, pero para iso hai que dar o debate, e ao debate non lle temos que ter medo, e seguramente aínda que haxa que proceder a unha reforma constitucional, por outras cousas bastante menos importantes e bastante menos sangrantes para a sociedade do Estado español reformouse a Constitución en corenta e oito horas. Polo tanto, que haxa un debate sobre este aspecto non estaría de máis, e creo que o agradecería a sociedade en xeral, e ademais agradecería unha cousa, que se puxeran focos sobre as deputacións provinciais, porque vostede di que esta Deputación é moi importante, foi moi importante para a provincia, pero o que eu percibo é que a maioría da sociedade non sabe exactamente o que son as deputacións provinciais, e que son unhas administracións ás que se lles poden pedir cartos, iso é complicado para unha administración democrática.

En todo caso, non hai ningún problema, votemos por separado e agradecerllo ao PSOE que vaia votar a favor da primeira parte dos acordos resolutivos.

Procédese a votar o primeiro punto da moción:

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 17 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

Seguidamente, procédese a votar o segundo punto da moción:

VOTACIÓN

Votan a favor: 5 deputados (BNG)

Votan en contra: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Abstéñense: ningún deputado

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Requeira Varela

Dúas preguntas, unha un pouco máis complexa, e a outra breve. No anterior Pleno xa fixemos unha pregunta en relación co proxecto Rede Xiana 2, a verdade é que estamos bastante preocupados, acabánnos de chegar diferentes dossiers de diferentes ámbitos onde se están desenvolvendo cursos da Rede Xiana 2, e a verdade, as conclusións e as cuestións que nos trasladan tanto os equipos docentes como o alumnado, son moi preocupantes. O proxecto Rede Xiana 2, como ben sabemos todos e todas, é unha iniciativa para o fomento do emprego promovida por esta Deputación da Coruña en colaboración cos 91 concellos de menos de 50.000 habitantes, é un proxecto ademais cofinanciado polo Fondo Social Europeo, destinado á creación de emprego nos concellos da provincia. Segundo a información da Deputación estas iniciativas supuxeron un investimento de máis de 11 millóns de euros, cofinanciados polo Fondo Social Europeo e a entidade provincial. Tamén se nos di que estes fondos contribuíron á creación de novos empregos, desde un enfoque local, ao incrementar o número de profesionais cualificados no rural, e mantendo a creación empresarial como medio de xeración de riqueza e postos de traballo. Con este programa Rede Xiana 2 a Deputación pretende, entre outros obxectivos, que 216 persoas sexan apoiadas, a través deste proxecto, contemplando que ata 486.617 euros poidan ser concedidos en concepto de bolsas económicas ás persoas participantes. Tamén se indica que o proxecto Rede Xiana 2 segue unha liña de traballo baseada na mellora continua e na prestación duns servizos públicos transparentes e de calidade, apoiándose nun sistema de xestión de calidade, nun sistema de seguimento e a avaliación da execución do proxecto e nuns observatorios socioeconómicos da realidade empresarial laboral, ademais dun Plan de comunicación e difusión e na transparencia de boas prácticas.

A principios do mes de xaneiro, a través do rexistro da Deputación provincial, o Grupo do BNG, e supoñemos que igual o Grupo do PP e o Grupo do PSOE, recibiu un escrito asinado por trinta alumnos pertencentes aos concellos de Arzúa, Boimorto e Mesía. Posteriormente o Grupo do BNG recibiu outro escrito dos alumnos do curso de montador de estruturas metálicas de Rede Xiana 2 para a zona 6, que comprende os concellos da Laracha, Cabana, Carballo, Coristanco, Malpica de Bergantiños, Ponteceso e Santa Comba. Ambos escritos poñen de manifesto graves, ao noso entender, anomalías, e anomalías que foron comunicadas ás persoas responsables deste programa, sen que no día de hoxe teñamos coñecemento de que as queixas formuladas fosen atendidas. Algúns dos problemas que denuncian estes alumnos nos seus respectivos escritos son os seguintes: falta de organización e coordinación; falta de diálogo e boa disposición, tanto por parte da Deputación como por parte da empresa de formación, que é Inicia Formación; parte do alumnado, está aínda no día

de hoxe pendente de poder realizar as prácticas; Inicia Formación apenas puxo a disposición do alumnado material didáctico de calidade que resulta necesario para unha boa aprendizaxe, nalgúns casos son os concellos os que están prestando incluso este material; falta continuada de material de traballo que si puxeron, como digo, os concellos nos que se está a impartir os cursos; o alumnado non cobrou aínda a totalidade das bolsas económicas; falta de información sobre as prácticas nas empresas e sobre a realización das accións formativas pendentes; non se respectou a conciliación da vida familiar e laboral, posto que non se tiveron en conta á hora de poñer os horarios dos cursos casos excepcionais de persoas con cargas familiares, dependentes, fillos, etc.; desigualdades no criterio de selección de alumnos e información a estes, non se impartiu o módulo de prevención de riscos laborais, nin as sesións de orientación laboral, nin as oito horas da tarxeta profesional da construción, incumpríuse o programa; falta de seguimento das accións formativas por parte dos responsables; faltas de pagamento de Inicia Formación, hoxe en quebra, parece ser, aos provedores e aos formadores dos contratos, é dicir, os profesores están aínda sen cobrar; nula eficacia da páxina web da Rede Xiana 2.

No Pleno da Deputación do pasado mes de xaneiro, a deputada do Grupo do BNG, a compañeira Silvia Seixas Naia interesouse por coñecer as medidas que ía adoptar a Deputación para solucionar os problemas xurdidos nalgunha das accións formativas da Rede Xiana 2, manifestando o Sr. presidente que se nos daría cumprida información. No día de hoxe, o Grupo Provincial do BNG aínda non ten resposta, polo tanto o que reiteramos é que medidas adoptou, está a adoptar, ou vai adoptar a Deputación para resolver estes problemas que para nós son graves, problemas porque están en xogo a incorporación ao mercado laboral de 216 persoas, e están tamén dando unha moi mala imaxe deste programa formativo da Deputación da Coruña.

Sr. presidente

Moitas grazas. Antes de darlle resposta por parte do deputado, Antonio Cañás, si pedir desculpas porque aínda que as contestacións estaban a piques de ser, non chegaron a tempo, e unha vez que vimos que xa metía a pregunta, xa llas contestábamnos no Pleno. Darémolle de todas maneiras por escrito a contestación, pero si gustárame que lle contestaran xa no Pleno as medidas que adoptou a Deputación neste sentido.

Sr. Cañás Varela

Moitas grazas, Sr. presidente. En primeiro lugar, pedir desculpas ao portavoz do BNG, ao Sr. Regueira, por non terlle respondido antes, ten a súa explicación e é que ata onte se estivo a traballar arreo para darlle unha solución a unha serie de problemas en relación á Rede Xiana, e pódolle dicir que está solucionado.

Respecto á pregunta que fixeron no Pleno pasado respóndolle agora por suposto, sobre o que di agora, home, non se crea tampouco todo o que lle din, porque pese a que houbo problemas nestas accións formativas da rede Xiana, tampouco é todo o que vostede está dicindo, non había problemas na web, por suposto si había coordinación, e si estivo a falar a Deputación con todos os implicados neste problema, os técnicos da Deputación da Coruña reuníronse con todos os grupos de alumnos, os docentes e, por suposto, cos responsables dos concellos onde se estaban a impartir

estas accións formativas. Tan pronto tivemos coñecemento de que había problemas no desenvolvemento destas accións formativas e de inserción sociolaboral, puxémonos con iso, pero ademais teño que felicitar o traballo e implicación dos responsables deste programa da Rede Xiana. Aquí o problema era un problema contractual, era un problema dun incumprimento do contrato da empresa que foi adxudicataria deste procedemento, a empresa que foi adxudicataria nun concurso público e que foi a que gañou este concurso. A Deputación sempre estivo ao día nos seus pagamentos, non é certo que non se lle pagara aos docentes porque a Deputación non pagara, non, nós non podíamos pagar porque esta empresa non podía certificar que estivera a completar os procesos formativos. Por suposto, a Deputación, no día de hoxe, está totalmente ao día no pagamento de bolsas aos alumnos. No día de hoxe a totalidade dos alumnos xa saben onde van facer as prácticas ou xa as están facendo, porque foi o propio equipo da Rede Xiana quen durante este mes, ao ter coñecemento destes problemas, púxose a traballar para conseguir estas empresas onde facer as prácticas.

É certo que si hai un problema cos docentes, hai docentes que están sen cobrar, pero nós non lles podemos pagar, é un problema contractual entre a empresa e os seus traballadores, e nós non podemos pagarlle á empresa porque a empresa non cumpriu. Isto podía dar lugar a un proceso de resolución de contrato que entendiamos que podía prexudicar a todo o mundo, porque rescindir este contrato obrigaríanos de novo a ir a concurso, a ir a un procedemento, gardar os prazos, nova adxudicación, nova formalización, e quen máis ían perder eran os alumnos, porque ao final, a acción xa realizada, non ían podela certificar, tiñan perdido todo este tempo, e tiñan que volver a empezar.

Nese sentido, tratouse de chegar a unha solución que fose a mellor, especialmente para os alumnos, e iniciamos os trámites para a sucesión contractual, onde a empresa adxudicataria inicialmente cedera, renunciara a este contrato, pasando a adxudicación á seguinte empresa resultante deste procedemento de concurso. Non se trouxo antes esta resposta porque asinouse onte, ao final atáronse todos os cabos, chegouse a un acordo con todas as partes, por mediación da Deputación, porque entendemos que é a mellor solución para os alumnos, xa que non provocarán máis retrasos, e estas accións formativas, nas que nalgunha delas quedan moi poucas horas, poderán acabar, incorporarse xa as prácticas que xa teñen asinadas no día de hoxe porque iso fíxoo directamente o equipo da Rede Xiana, e desta forma tratar de que non se prexudique máis aos alumnos, que sufriron os problemas causados por unha empresa que non puido desenvolver o programa conforme o tiña asinado, ou aceptar os pregos deste concurso, pero seguir un camiño que alongara todo iso, entendemos que era moito mellor buscar un camiño onde, a través de acordos, non se prexudicara máis os alumnos. De todas formas, pasaráselle a resposta por escrito, e de novo pídlle desculpas por non darlla antes, pero a explicación é moi sinxela, é que se logrou esta sinatura aínda onte pola tarde.

Sr. Requeira Varela

Simplemente dicirlle ao Sr. Cañas que os datos que nos traslada el non coinciden cos que temos nós, non sendo que as bolsas se pagaran nesta semana, porque o alumnado que se reuniu comigo estaba sen cobrar as bolsas. En todo caso o que está claro é que se incumpriu o programa, non sei como se van solucionar as horas de orientación que non foron impartidas, etc., etc. En todo caso, cando teñamos

a resposta, trasladarase a resposta aos alumnos, pero eu agradeceríalle polo bo papel do Grupo de goberno incluso, que intenten reunirse co alumnado, porque a verdade, o cabreo é significativo. Entón, eu agardo que vostedes fagan algunha xestión nese sentido porque os datos que trasladan, e é curioso que alumnos de moi diferentes territorios, todos trasladan as mesmas queixas, algo de certo haberá.

A segunda pregunta é unha pregunta moi simple, en relación coa moción sobre a reforma local que acabamos de debater. Sr. presidente, vostede considera que a política do Partido Popular dirixida a fortalecer as deputacións dándolles máis competencia na xestión dos servizos públicos nun proceso que neste caso na Deputación da Coruña coincide coa amortización de prazas do cadro de persoal, está encamiñado, como dicíamos na propia moción, a que nos vexamos abocados á privatización de varios servizos por non podelos prestar con persoal propio, non é realmente curioso que isto sexa realmente a verdadeira xénese dos casos sangrantes de corrupción que se están producindo nas administracións, e que por desgraza todos presenciamos a diario nos xornais?, non cre que esta política de recentralización, de darlle máis competencias ás deputacións, de que as deputacións teñan que sacar bolsas de negocio que van parar a empresas privadas, non pode estar agravando incluso ese problema que está na xénese dos casos de corrupción, polas concesións administrativas a empresas á hora de xestionar diferentes servizos que hai moi pouco tempo eran públicos?

Sr. presidente

Ben, unha aclaración antes de pasar a contestarlle esta pregunta. Téñense producido reunións cos alumnos que manifestaran nun primeiro momento problemas no desenvolvemento do propio Rede Xiana, en concreto o 27 de xaneiro trasladouse persoal da Deputación ao Concello de Mesía, Boimorto e creo que tiveron unha reunión no centro cultural municipal de Xanceda e na aula de formación de Boimorto cos alumnos que tiveran algún problema, polo tanto, estase actuando niso, non sei se pode ser, e iso confirmámoslo por escrito e pídolle ao deputado encargado da área que envíe o luns mesmo a contestación por escrito se non se pode hoxe, para que vexa todas as reunións que houbo, non sei se quedou algún afectado por non terse reunido, pero en todo caso si se reuniron o persoal da Deputación cos alumnos, empezaron a facer as prácticas, e os que non empezaron xa teñen as empresas onde as van facer, polo tanto, que saiba que esas reunións xa se produciron e non sei, non lle podo asegurar que quedara algún por reunirse con el.

E con respecto á segunda pregunta, a verdade e que eu creo que non, e creo que non porque a Lei o que pretende, e a reforma, ou as propostas que di vostede do Partido Popular, o que pretenden é clarificar cales son as competencias de cada unha das administracións, algo do que falamos tanto o portavoz do PSOE, o Sr. Moreda, e o Sr López Crespo, que non se gaste máis do debido e que se víxien desfases que houbo noutros tempos nalgunhas das administracións, e polo tanto, a reforma que temos enriba da mesa, aínda que cuestionada en moitas cousas, o que pretende é reforzar primeiro e clarificar cal é o papel de cada unha das administracións, que contén co seu orzamento. Loxicamente pode haber discrepancia nalgún punto, e seguro que nalgún punto tamén, aínda que lle pareza mentira, podemos coincidir vostede e máis eu, pero desde logo a política non vai encamiñada a nada diso.

E os casos aos que estamos asistindo, desgraciadamente non creo, e iso é opinión miña e supoño que de moitos dos que estamos aquí, nin son patrimonio de partidos nin de formas de xestión, é patrimonio de persoas que, se se confirma, non fan o que teñen que facer e, polo tanto, hai suficientes vixías en todas as administracións para que iso non se produza, e en todo caso a Administración de xustiza, que é independente, tamén ten que actuar para vixiar o seu cumprimento.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e oito minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.